

ATENEA


Nº 1 - OUTUBRO 1999



Revista trimestral. 300 pts.


BOLETÍN Nº 0 - ABRIL '99
Rúa Madalena, 202 - 204
Telf: 981 35 79 70
Fax: 981 35 40 98
ATENEO FERROLÁN






ATENEA
Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN
nº 1 - outubro 1999

EQUIPO TÉCNICO E REDACCIÓN
Luis Calvo Teijo
Fernando Ocampo Montesinos
María del Mar Villares Díaz

DESEÑO E MAQUETACIÓN
José A. Villar Corral

ILUSTRACIÓNS
Leonardo

CORRECIÓN LINGÜÍSTICA
Margarita Souto Fraga

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN

ATENEO FERROLÁN

Rúa Madalena, 202, 1º - FERROL
Teléfonos: 981-357970 / 354098
FAX: 981-354098
E-Mail: javill@teleline.es
Depósito Legal: C-1937-99
ISBN: 84-920260-6-5
Imprime:

COLABORACIÓNS
Ana Romani
Angel de la Cruz
Antón Cortizas
Antón Iglesias
Beatriz Picos
Eliseo Zaera
Henrique Dacosta
Jorge Meis
José Millet
Lino Braxe
María José Pérez de la Romana
Montse Santos
Olga Novo
Ovidio Aldegunde
Pilar Blanco
Rosa Mª De-Cal y Cortina
Sabela Arias
Siro López
Uxío Novoneyra
Xaquín Marín

As actividades do ATENEO FERROLÁN non se axustan estrictamente ao marco periódico dun curso como os académicos. Sen embargo é certo que o remate das vacacións de verán e o reintegro á vida normal coincidíndo co comezo da actividade escolar, ponnos a todos na sintonía dun inicio de curso ata o próximo verán.

O ciclo económico-administrativo da nosa actividade é o exercicio anual, a organización das actuacións culturais faise por trimestres e o marco temático no que nos movemos é o CULTURAL no senso máis amplo da palabra, no sentido de que nada do que aconteceu e acontece no mundo e na nosa terra nos é alleo, pero evidentemente cunha concreción e orientación preferente en áreas e campos da cultura que teñen a súa plasmación nas programacións trimestrais que se presentan nesta Revista.


O esquema de funcionamento do ATENEO FERROLÁN baséase nunha serie de actividades e servicios culturais básicos e permanentes, complementados con actividades e actuacións específicas con prazos e datas xa establecidos uns, e a concretar nos programas trimestrais outros.

Ademais, está a actitude permanente deste ATENEO e da súa Directiva coa disposición e accesibilidade das súas instalacións para a realización de actos sociais, asociativos, políticos e por suposto culturais, sen máis limitacións que as propias dos nosos medios e a infraestructura e a compatibilidade coa nosa programación ou compromisos adquiridos.

Un vieiro novo na vida do noso Ateneo no que temos posta moita ilusión e moita esperanza é, precisamente, esta Revista que queremos teña a acollida que se merece por parte dos socios e coa que contamos sirva de acicate para que se impliquen máis na vida do seu Ateneo e comezen a colaborar e aportar os seus traballos para a súa, a nosa revista **ATENEA**.

Eliseo Zaera

SUMARIO





SERVICIOS DO ATENEO

Secretaría Sala de Exposicións	Cafetería Sala de Socios	Salón de Actos Sala de Xuntanzas

BIBLIOTECA - HEMEROTECA

Iniciamos co número un da revista **ATENEA** este apartado dedicado á Biblioteca-Hemeroteca coa presentación dun dos fondos da mesma. Este será o primeiro paso dun camiño que nos levará aexpoñer diante dos socios tódolos elementos que compoñen a Biblioteca, para que deste xeito poidan ter un mellor coñecemento do que teñen á súa disposición.

Tendo en conta que Ferrol hoxe conta cun importante número de bibliotecas, desde o Ateneo tentamos ofrecer cousas distintas que nos levan a unha certa especialización, ou, como din algúns dos nosos socios "na biblioteca do Ateneo atópanse cousas que non hai noutros sitios".

Nesa liña, unha das seccións á que prestamos máis atención é ó "fondo de Galicia".

Partindo das obras de referencia ou xerais ata o máis específico, sen facer por iso unha exhaustiva exposición de todo o fondo, a sección de Galicia é, sen dúbida, a máis amplia que temos na nosa biblioteca.

Contamos con obras de consulta clásicas coma pode ser "A gran enciclopedia galega" ou novedades editoriais como a enciclopedia de Galicia da editorial Hércules.

Resulta do máis interesante toda a colección lexislativa editada polo Parlamento de Galicia.

Todo o fondo está, loxicamente, dividido en seccións, así que faremos un percorrido por cada unha das partes do fondo dedicado a Galicia.

1.- ETNOGRAFÍA E ANTROPOLOXÍA:

Temos obras que van desde os cancioeiros populares a lendas, tamén monografías dedicadas a construccións populares, oficios antigos, festas, romerías ...; é de salientar as obras de grandes eruditos galegos como Filgueira Valverde ou Antonio Fraguas.

2.- ARTE E FOTOGRAFÍA:

Nesta sección do fondo hai monografías dedicadas a artistas galegos nas que se estudia a súa obra; catálogos de exposicións (das realizadas no propio Ateneo, ou en calquera punto de Galicia) e tamén obras que estudian a arquitectura, pintura ou escultura desde un punto de vista máis académico. Contamos tamén con monografías dedicadas ás chamadas "artes menores" como poden se-la fotografía, debuxo, artes suntuarias ...

3.- LITERATURA:

Abarca gran parte do fondo. Divídese en narrativa, poesía e teatro: Nela pódense atopa-las obras dos máis importantes autores galegos, como Rosalía de Castro, Pondal, Castelao ... ata as últimas novidades editoriais representadas por Xavier Alcalá, Manuel Rivas ou Méndez Ferrín, pasando pola lírica medieval e rematar coas últimas representacións do Centro Dramático Galego. Temos tamén toda a colección Esquío de poesía que se edita en Ferrol.

4.- CRÍTICA LITERARIA:

Aquí agrupánse os títulos nos cales se realizan estudios sobre as obras dos autores galegos máis destacados; son obras importantes que nos axudan a comprender mellor as obras de Rosalía, Curros Enríquez ou Torrente Ballester.

5.- BIOGRAFÍAS:

Contén monografías dedicadas a ilustres persoeiros galegos que destacaron en diferentes campos como literatura, política, relixión, etc...

6.- XEOGRAFÍA:

Temos interesantes obras deste tema como a obra dirixida por Pilar Torres Luna, ou a dedicada ós concellos galegos de Fariña Jamargo; asi como guías das cidades, do camiño de Santiago.

7.- HISTORIA:

Esta é unha sección moi amplia pois abrangue desde a prehistoria e a arqueoloxía ata a idade contemporánea. Así, témo-las memorias das escavacións que se realizan co patrocinio da Xunta de Galicia, obras tan importantes como a "Historia de Galiza", de Otero Pedrayo, a "Historia de Pontedeume", de Couceiro Freijomil; pero contamos tamén con obras de recente publicación que inclúen a profesores tan destacados como Barreiro Fernández ou Villares Paz.

É importante salientar que seguimos a medrar e amplia-la Biblioteca procurando estar ó día para poder ofrece-lo mellor ós socios e, en xeral, a tódolos ferroláns.

O réxime de funcionamento da Biblioteca do Ateneo Ferrolán é aberto ó público e conta tamén cun servicio de

Ferrol, en Proxecto

Un paso máis na pluralidade cultural: a irrupción de "**ATENEA**" na escena escrita da convivencia ferrolá é, por si mesma, positiva.

Hai momentos da vida colectiva nos que convén parar, aínda que sexa un instante. Repousa-los camiños andados e reflexionar cara ó futuro.


Este é o caso do Ateneo Ferrolán. Xa vai tempo transcorrido desde o seu re-nacemento alá polos setenta, moitas etapas e persoas que foron deixando as súas pegadas na vida local... xa que logo "**ATENEA**" debe contribuír a ese debate reflexivo que propoño sobre os recursos culturais de Ferrol para o próximo século.

Son moitos os déficits na cidade. Atallémolos coa reflexión sobre un Proxecto Cultural de e para Ferrol, feito desde a pluralidade e a cooperación entre entidades, persoas e institucións. Proxecto Cultural que obrigadamente ten que xirar sobre infraestructuras e equipamentos culturais; a participación e libre acceso á oferta; sobre o carácter da identidade ferrolá no global galego e español e os xeitos imaxinativos de colaboración das outras Administracións e as nosas demandas... a renovación e impulso dos novos valores artísticos, das liberdades civís e o desenvolvemento das persoas.


Nunha época a carón do ano 2.000, na que a cultura mundial é un dos fenómenos que máis recursos xeran, que máis emprego crean, non está de máis comezar pensando no Ferrol cultural do porvir.

Un obxectivo ambicioso. Non podía ser menos, xa que un Proxecto Cultural non é un fenómeno illado nin luxoso adorno nin uniforme a raias senón un instrumento esencial do progreso social e persoal.

Benvida a "**ATENEA**" neste novo desafío



Bonifacio Borreiros Fernández
Primeiro Teniente Alcalde Delegado de Cultura



ARTIGO

Por Beatriz Picos

<u>Andrés Avelino Comerma i Batalla</u>


(Un pequeno recordo, dos ateneístas, de homenaxe e recoñecemento pola súa labor social desenvolta na cidade de Ferrol, coincidíndo coa celebración do 120 aniversario da construcción do Dique da Campana.)

A historia de entidades culturais como o Ateneo Ferrolán fánna os homes e mulleres que foron quen de mante-las vivas i en contacto coa realidade social do seu entorno. Un destes homes senlleiros foi, sen dúbida, o enxeñeiro da Armada Andrés Avelino Comerma i Batalla, que se suma ó listado de significantes da sociedade cultural decana da cidade.

Comerma i Batalla quixo asumi-lo reto, vintetrés anos despois de que rematase a súa primeira etapa no Ateneo, de rexenera-la vida cultural de Ferrol.

Xa fora presidente do entón chamado "Ateneo Artístico, Científico y Literario" de Ferrol despois de que unha denuncia por plaxio dun discurso e a polémica subseguinte entre un xornal (El Correo Gallego) e a directiva provocara o cese e abandono dalgúns responsables. Esta etapa intermedia tan só durou once meses, a partir de xaneiro de 1880, e foi Avelino Comerma quen asumiu a tarefa de impulsalo de novo, o día 31 de outubro de 1903, guiado por un espíritu similar o dos clásicos. Fora Calígula o primeiro fundador dun Ateneo, aló polo ano 30 antes de Cristo, en Lyon, segundo o estudio realizado polo historiador Guillermo Llorca Freire.

Non obstante, Comerma demostrara xa o seu potencial como home disposto a aportar a tódolos eidos da vida da cidade os seus graos de area, tanto de cara ó progreso económico e formativo (os libros de texto que editou aínda serven hoxe para formar enxeñeiros, por moito que as técnicas avancen) coma do pensamento, [illegible] "inaugurara o Dique da Campana- Comerma i Batalla estivo na xénese do primeiro Ateneo, na primeira directiva integrada por homes inquietos coma él, vinculados a ideas republicanas e tildados de masóns. Os seus ideais non só foron froitodos tempos que lles tocou vivir, senón dunha inquedanza polo pulo da cidade e pola calidade de vida termo agora tan de moda e antes descoñecido dos seus habitantes.



Ferrol tiña 25.000 habitantes e era un núcleo importante que xa dependía da construcción naval e que, como hoxendía, reclamaba do Estado que os buques da Coroa se construiran nos asteleiros de Ferrol e non no extranxeiro. Unha entidade cultural coma o Ateneo podía converterse no vehículo axeitado para extender coñecementos e favorece-lo debate social.

Eran outros tempos que homes como Comerma fixeron posible



CONTOS E OUTRAS HISTORIAS...

Por Henrique Dacosta

TEOLINDO, MAL QUE LLE PESASE

Planificara a súa vinganza do xeito máis terríbel que puido e soubo. Qué outro modo, senón, que escollendo un episodio por ambos os dous vivido e que fose dos que mellor gosto ela gardase, porque da convivencia común poucos foran, abofé, os que súa muller recoñecese como tales. Non fora cousa difícil. Tiña que ser truculento, velaquí pois que da maquinación ideada debía saír algo que reunise adecuadamente todas as condicións que buscaba para así ser. Canta maior fose a atrocidade, máis pracenteiro sería o castigo. Desexaba, aínda que por única vez fose, que Elisarda, a súa Elisardiña que con tanto namoro a levara ata ao pé do altar había dezasete anos, se sentise horribelmente culpábel do que sucedese trala decisión tomada. Con todo, non deixaba de albergar dúbidas sobre isto. Persoa máis egoísta nunca vira, que ata o acusaba de non lle dar fillos, de que se lle tiña secado a matriz de tamaña pertinacia que o seu home puña en querela empreñar, que mesmo o rexeitaba do seu lado coma se dun obseso se tratase, que aquilo semellaba contranatura a xuízo dela para calquera cristián que como tal se preciase. E veña unha e outra vez, que nunca Teolindo se daba por vencido e a empeño non había quen lle puxese tacha, que mesmo do cansazo tiraba forzas para se sacrificar e para facelo en prol da consecución dun pícaro, o seu máis ansiado ben, e de igual xeito tan devezado ou máis pola súa Elisarda, aínda que solícita en coartar canta expresión e ardor conceptivo o seu home investise de máis conforme as súas propias estimacións na tarefa procreativa. E fructificar que non fructificaba. Pero non podía ser. Ás escondidas fixera probas de fertilidade. E, efectivamente, todo estaba en regra para ser moi capaz de concibir. Elisarda, pobre, era quen tiña o problema. Mais sempre tivera a delicadeza de non lle revelar que a única maronda dos dous tan só ela era, non el, que de espermatozoides andaba, polo visto, máis que sobrado. En fin, que enganadiño fóra ata o pé do altar, créndoa ¡pero que ben distinta! a como logo fora descubrindo.

E alí se achaba agora, sobre a ponte da vía do tren, nun tris de consumalo. Tomárao na estación de Ferrol había algo máis de media hora. Apeárase en Lamas e dirixírase tranquilo e sen máis dilación para o paso elevado, non lonxe do apeadoiro. ¡Cantísimo tempo transcorrera desde aquela viaxe que fixeran ambos no da FEVE! Quén sabe, uns vinte anos talvez, que non estaba neses momentos para facer as contas, que a transcendencia do paso a dar era máis importante agora que aquela insignificancia. Naquela altura, que iso si o podía saber de fixo, aínda andaban a namorar. Proxectos de futuro como castelos no ar, tempo de andrómenas e despreocupacións xuvenís. Ela, Elisarda, con escasos visos de se animar a exercer o ensino despois de rematar a diplomatura de Maxisterio; el, Teolindo, no último curso de Económicas. Pero eran felices. E el non se importaba, que en traballando polos dous xulgaba que a dita tería semellante reparto que en exercendo tamén a súa futura. A viaxe aquela fora a máis tipista que vira e experimentara en toda a súa vida, cousa en que coincidira coa súa Elisarda. Un tren case de xoguete, unha vía que metía medo de tan só mirar para ela por estreita en exceso e con fama de descarrilamento a nada que o importunase ao seu paso inclemencia metereolóxica, deseprendementos sobre os carrís, que ata coa forza dun esbirro parecera que as rodas fosen saír do seu sitio. Pero nada disto sucedeu por fortuna. Ao pouco de saír da cidade en dirección a Ribadeo, eran mulleres de rigoroso negro embrulladas en panos de grises e pardos tons, armadas de cestas con ovos morenos, verzas, galiñas e calquera outra índole de productos obtidos das súas hortas, camiño do mercado se cadra. Outro tipo conformábano aquelas persoas que ían á consulta do médico ou a algunha sorte de xestión na vila Ortigueira ou Viveiro, poñamos por caso, e para o cal subiran ao tren aseados e de roupa limpa, pois non cresen que por labradores debían de ser descoidados do seu aliño. Facían outro tipo distinto os escolares, alegres sempre, enredando de aquí para acolá da cabeza á cola do camiño de ferro. E, por último, outras variedades, xa máis dificilmente clasificábeis por atípicos ou imposíbeis de descifrar canto aos porqués das súas viaxes, e aos que, por descontado, preguntar non lles habían de preguntar nin Elisarda nin Teolindo. E todo isto entrementres o tren avanzaba ao rente de prados salpicados de vacas de ollos tranquilos

no pasto e montes e máis montes, reviravoltas a través dunha xeografía mariña de rías, pontes decimonónicas, túneles negros que nin bocas do averno, aldeas, e poboacións de maior entidade camiño do seu destino. Qué pouco fixera falta para seren felices. Tan só sentírense como alleos ao ambiente natural que dentro do transporte ferroviario se respiraba, en observando como a vida se desenvolvía á súa roda, ao tempo que deixaban que a imaxinación voase e xogaban a comentar sobre as vidas que facían parte daquel ámbito.

Pero casaran e todo se desvirtuara. A espléndida e feliz Elisarda convertérase en esaxerada ama de casa, celosa de que todo funcionase como ao seu entender debía ser, non lle viñese importunar Teolindo con calquera outra cousa distinta a como ela planificara. Maldita a gracia que lle facía a este ter que chegar pasadas as tres da tarde ao seu lar, abrir a porta da rúa e ter que calzar as baetas de gamuza nos pés descalzos para non estragar o encerado do chan de madeira. Logo, nada de emporcallar o baño, que ningún resto de xabón quería ver por encima do lavabo e todos os pises, enteiriños e sen gota por fóra, para dentro da taza do váter, ¡faltaría máis!, e, sempre sempre, tirar da cadea, varias veces se fixese falta, e punto. E no salón, que nin se lle ocorrese entrar, directo para a cociña a sentar á mesa. Era inflexíbel. E isto exacerbábao ao Teolindo. Nin na súa propia casa podía facer canto quería, el que chegaba canso do seu traballo no Banco Popular de Crédito, desexoso por se relaxar e descontraer de tanta camisa engomada, traxe e gravata, e aqueles zapatos que desexaría ceibar voando polo ar do seu cuarto e estrelar con descoido sobre as portas do armario se lle cadrase, que qué máis tiña se mal non facía, pero que a súa Elisarda abortaba desde un inicio, pois obrigábao a deixar toda a indumentaria á entrada da casa, nun colgador a propósito no principio do corredor, e o calzado gardado no seu correspondente roupeiro empotrado. Pero, moi ao seu pesar, todas e cada unha das furias tiñan unicamente manifestación intestina, nada que transparentase o seu incomodo que, por outro lado, con rapidez atallaría Elisarda de así ser, que boa era ela en lle ousando alguén francir o cello. <<Teolindo, nin se che pase pola imaxinación, porque che como os fígados>>, que esta era unha das súas expresións favoritas para frear calquera tímido atrevemento de seu home e que contraviñese a vontade da Elisarda, tan enfática cal avezada antropófaga.

Nunca Teolindo fora home de carácter debía recoñecer, pero casar e achicar fora todo un. A súa maior conquista, atinxir o seu posto de director da sucursal do Banco Popular de Crédito de Neda. No seu traballo, mellor que ningún outro, admirado por compañeiros e subordinados. Pero, na casa propia, que onde hai patrón... E ela si, que a recibir visitas das súas dúas amigas da alma, Luz e Carmela, e mais a veciña do terceiro, Olga, que a forza de tentar simpatizar coa Elisarda facendo alarde da pouquidade dos seus respectivos, que o seu nin unha voz máis alta que outra daba, amansado cal fera do circo, deste xeito conseguira ir abrindo brecha nas tertulias acostumadas que todas catro facían de arredor do televisor, entrementres vían o programa de sobremesa, e o repugnante do gato Felisindo rondábaas polas pernas, que maior mimallas na casa non había, que todos os afagos que ao seu Teolindo esquecera de facerlle ían dirixidos para o maldito felino.

E, no entretanto, a vida que ía pasando. Pouco que alterase o monocorde trafego de banco e casa, casa e máis banco, que sempre era o mesmo, idéntica rutina. Teolindo, home caseiro, amigo de non ter amigos e tan só afeccionado ao coleccionismo de trens de xoguete a escala, entretemento este nacido de modo serodio despois da viaxe a Ribadeo no da FEVE coa Elisarda. Nisto investía case todo o seu tempo de lecer, pois gostaba da aura romántica con que se acostumaba vestir os camiños de ferro, connotados a través de tantas historias de persoas como neles se amaron, se odiaron, se mataron, se espiaron, se coñeceron, e que fixeron parte de guións de cine e da literatura. *Orient Express, Transiberiano, Trasandino...*, nomes míticos que resoaban como maxia pura que o transportase a un espacio de xúbilo verdadeiro, de estado de goce, sempre nisto abstraído mentres ampliaba e melloraba as súas maquetas. Elisarda, a cotío xunto ás súas amigas de tertulia na saliña do televisor, e el, no mesmo cuarto e en mesa á parte, pendente do seu universo ferroviario que pacientemente ía perfeccionando a cada pouco. Agora unha nova modificación da vía, despois un novo modelo de tren eléctrico, máis tarde a confección doutro espacio para construír unha estación de viaxeiros ao estilo centroeuropeo, que o prototipo de estación española xa fora rematado. Reunía na súa colección verdadeiras pezas de museo, desde un *General Western & Atlantic RR* de 1865 ata unha locomotora de vapor *141R* de 1946, un tren de pasaxeiros *Flèche d'or* de 1936, un autovía diesel-eléctrico da *RAN* de 1975, a un *Canadian Pacific* de 1980. E Luz, Carmela e a veciña Olga, enxalzando á Elisarda a súa bonhomía, e

desaproveitando oportunidade para se achegar ata o Teolindo, concentrado no seu labor ferroviario, e facérense as interesadas da súa ocupación. Que a todas tres traía louquiñas, embobadas como rapazas de dezaseis anos na órbita de Platón, que a Elisardo xulgábano modelo de bon parecer, tan simpático e ameno cando interviña na conversa... E nos intermedios de todo isto, a súa outra paixón, ler novelas de amor en secreto, nunha sorte de suplantación do amor real que se lle volvera esquivo a medida que os anos de casamento se lle ían botando enriba. E era destarte como nas primeiras horas nocturnas, e aproveitando que a Elisarda xa descansaba deitada na cama e que xulgaba que o seu Teolindo andaría a trebellar nas súas maquetas, que ocupaba o seu tempo en cultivar artificiosamente o que súa esposa lle negara había xa tanto, roubada calquera esperanza de recondución do mesmo.

<<Hoxe levanteime da cama que nin sei cómo puiden. Teño unha dor que me colle desde as cervicais e me baixa por todo o pescozo e que bla bla bla. Teño como agullas cravadas nos ollos. Vexo como teas de araña e bla bla bla. Se xa me dixo o médico que non sabía cómo era capaz de andar coas vertixes que me dan, que me mareo e bla bla bla. E a tensión téñoa polas nubes, que me dixo que me tiña que pór a dieta, e eu gorda sempre vos fun, para que vou negalo, pero comer ben pouco como porque larpeira non vos son e bla bla bla...>> E no entremedio de calquera conversa coas súas contertulias, a Elisarda que aproveitaba para soltar todo o seu arsenal de enfermidades, diversas dolencias, achaques, xaquecas e mil e unha outras variantes psicosomáticas que máis que iso non eran sobre o seu estado de saúde, o cal traía forzosamente resignado ao pobre do Teolindo, el que era forte como un carballo e sen asomo de enfermidade, e tampouco non a importunasen as súas contertulias con que elas tivesen cousas iguais ou parecidas ou calquera outro tipo de doenza, porque ela, invariabelmente, tiña iso pero sempre en moito maior grao.

E tiña que ocorrer e ocorreu. Consecuencia disto, alí estaba, sobre a ponte de Lamas do camiño de ferro da FEVE. De repente, toda canta resistencia e furia fora gardando para si, remoéndoo para os seus adentros, fixéralle explosión. O xuramento de se rebelar contra a tiranía da Elisarda afundírase de contado. Toda a quina almacenada para un día rebentar estragárase cal colleita de uvas por unha chuviada vinda a destempo. As molestias polas que se vira aqueixado nos últimos tempos reveláranlle un cancro. Ultimamente tiña dificultades para ir ao baño, e acompañábano unhas dores intensísimas. As probas parecían determinantes. O avance era considerábel. Tan só tivera que achegar un pouco a orella en dirección ao despacho da clínica onde se lle fixeran as probas desde a sala onde se estaba a vestir. Elisarda recibira impertérrita a noticia, e igual de impetérrita se mostrou unha vez o médico lle relatou ao Teolindo que aquilo era unha infección de colon que lle había de dar bastante a lata, pero que cun pouco de dieta, unha medicación adecuada e etcétera e etcétera iría remitindo. Pero faltáralle tempo a Elisarda para llelo contar ás súas incondicionais. Todas tres recibiron espantadas a nova. E tirándolle ferro ao asunto, que tiña a seguridade de que se había de curar seguindo os consellos indicados polo médico, deu en dicir que peor ca el estivera ela sendo nova por culpa dun horripilante fecaloma ou, o que é o mesmo, unha obstrucción intestinal, que lle impedira evacuar durante dous meses, e que qué dores máis espantosas pasara mentres non fora capaz de ensuciar que a tal palabra utilizara textualmente, ridículo eufemismo, e, por demais, gráfica en demasía, que aquilo do Teolindo si que non era nada en comparanza co que ela pasara. E o Teolindo, que o pobre aguantaba como un bendito sen dicir un ai, pero por dentro estaba que estoupaba coa dor. E ela que máis dores que de muller parida pasara, que, dito sexa de paso outra volta, nunca concibira. E de pouco valera que lle referise o Teolindo á súa muller que sabía todo, que o cancro o estaba a levar directo para a cova e que pouco tempo de vida lle restaba, e ela sacándolle importancia e dicíndolle que nada de cancro, que aquilo fora invención do médico por saír do paso porque non tiña nin idea de qué se trataba o mal, e que ela ben sabía desas dores, que moitas pasara de pequena, que maior estreñida ca ela non había. E aquilo antollábaselle ao Teolindo moito máis que mallar en ferro frío, que todo o mal o tiña que acaparar para si egoistamente a Elisarda, psicomatismo puro que non admitía que ninguén fose máis ca ela en se tratando de territorio de doenza.


Abondaba xa. Ata alí chegara. Rebentaba, pero contundentemente, e, aínda que de xeito calado, facendo o maior dano posíbel. Día trece e de terza feira, do santo entroido por demais, e máis aciago por excelencia imposíbel de encontrar. A ponte moi alta non era, o suficiente para que o maquinista o vise sobrevoar sobre a vía e co tempo xusto para ficar debaixo das rodas, ben esmagadiño e escuartexado tan logo o conductor do convoi tivese o acto reflexo de tirar do freo de emerxencia. Eis o acto truculento buscado. A

vinganza mellor contra a súa Elisardiña non podía ser máis que esta. El fora sempre home discreto, calado, resignado en tentar achar anacos de felicidade dentro da súa loita interior, no seu traballo gris, rutineiro, no seu entretemento no maquetismo ferroviario. ¡Que mellor, por tanto, que procurar a fin baixo as rodas do camiño de ferro! Non obstante, ocupárase primeiro do seu benquerido Felisindo. Leváballe triturando vidro sobre a comida desde había semanas. Andaba ben fraco e queixoso nos últimos días. Mal sería que nun destes non acabase con el. A morte, lenta e agónica do animal, facíalle máis doce a vinganza. E sen embargo, sentíao por el, pobre bicho, pois non era máis que consecuencia da educación da súa malévola Elisardiña.


O tren de volta de Ortigueira estaba próximo. Pola hora que era xa tería pasado por Labacengos. Sentiu un pitido ao lonxe. Tiña que estar a saír de Moeche. Pasaría pola Palla e listo. A ponte achábase tralo apeadoiro de Lamas. Un chimpo, un saltiño ao vacío só, e todo se acabaría. Leu máis unha vez a nota remitida ao Señor Xuíz.

<<Sr.Xuíz, Eu, Teolindo Frade López, maior de idade e en posesión de todas as miñas facultades mentais, fágolle saber que o meu suicidio é un acto voluntario e premeditado, producto das circunstancias tan adversas que ao meu redor se me foron dando. O cancro de colon avanzado que me detectaron é o principal culpábel deste desenlace, aínda que non único, posto que a miña esposa, Elisarda Díaz Santalla, ten a ver, e moito, coa fin que lle dou agora á miña vida. O trato humillante a que me vin sometido durante os últimos anos de casamento, invítanme aínda máis facilmente a tomar esta determinación, da que a fago responsábel en boa medida. Desexo qu

ta é a miña última vontade. Sinceramente agradecido.>>



O tren parara en Lamas. Nun par de minutos estaría todo feito. A maior das vinganzas sería consumada. Velozmente, a máquinado seu cerebro púxose a rodar. Non podía ser. Aquilo era unha loucura. Un risco moi grande. Pero quén había de sospeitar, el traballador modélico, director de sucursal bancaria, home respectábel e libre de calquera desconfianza. ¡Que demo! ¡Que tiña que perder cando xa todo estaba perdido! Se xa non era quen de gobernar a súa vida, pois ao parecer pouco tempo desta lle quedaba, ¡ao carallo cos melindres sobre riscos a correr! O tren arrancara xa, a punto estaba de pasar por embaixo da ponte. Deixou voar a nota enrugada para o xuíz que foi caer xusto por baixo das rodas do transporte férreo. Esmagada e escuartexada, a última vontade do Teolindo fixera que este voase sen dilación para o banco, fechado naquela xornada de festa. Tomou cen millóns en metálico depositados no día anterior por un vehículo blindado. Recolleu un par de mudas na casa, que gardou nunha pequena bolsa de viaxe. Petou na porta de Olga, a súa amiga fiel no intercambio secreto de novelas de amor, devolveulle a última empresatada, *Rita, a rapariga dos amores conspicuos,* e raptouna consigo.¡«Xa eran horas de tomar unha determinación! ¡Vai saber esa quen son eu!» dixera de viva voz o Teolindo, con promesas de tornar real para si aquilo que se habituara a ler en romances de ficción. E abalaron en dirección ao aeroporto de Santiago no seu automóbil. O primeiro avión que tomasen sería rumbo para Londres, e alí enlazarían no inmediato voo para as illas Caimán. Xa imaxinaba á Elisardiña,a súa cara de perplexidade, sen dar creto a canto acontecera, e espantada pola agonía do Felisindo, entrementres as súas incondicionais contertulias a abandonaban. Ben sabía Teolindo que, se acudían á saliña de estar da súa casa, tan só por el era, que avisado estaba nisto por moito que se puidese facer o desinteresado. Con mellor agulla non o podía ter bordado. O castigo inferido colmouno sobradamente. Víaa a ela abandonada por todos, orfa de fillo, e nin gato sequera para a consolar, chorando amargas lágrimas de rabia, roendo con humillación a súa derrota. E no fondo da saliña, as maquetas do seu



SOLIDARIDADE

Estas páxinas que hoxe abrimos queremos ofrecelas como unha voz , un pequeno espacio de denuncia para os moitos atentados contra a vida e os Dereitos Humanos de todo o mundo. Somos conscientes que só con enumerar tódolos abusos, disfrazados de "conflictos" étnicos, relixiosos ou calquera outro tinte que se lles queira poñer, non nos chegaría todo o espacio desta revista para enumeralos.

Por todo isto, en cada un dos número que fagamos, ofreceremos a oportunidade de deixar falar a aqueles que poidan mostrarno un pouco de luz que nos faga entender algo desta sinrazón e tolemia que tódolos días asoma polos diferentes canles de información, golpeando esa felicidade que rodea o "mundo feliz" no cal vivimos.

Hoxe, como onte fixeramos coas Mulleres de Kabul e o pobo Saharaui, por medio de Médicos do Mundo, seguimos ó rebufo desa Solidariedade que está a se dar co pobo de Timor Leste e, ó mesmo tempo ofrecemos o noso espacio a Cáritas de Ferrol que nos fala doutro "conflicto", medio olvidado, como é o de Sudán.

Cando esta Revista chegue ás túas mans xa tivemos aquí en Ferrol connosco a Luis Cardoso, escritor e membro do Consello Nacional do Movemento de Resistencia de Timor Leste que lidera Xanana Gusmao, o cal nos dára unha charla sobre o que está a acontecer na excolonioa portuguesa. Durante a mañán fará visitará os concellos de Ferrol, Narón, Neda, Fene e Mugardos..

O venres 22 de setembro estará en Ferrol nunha xornada de solidariedade que o levará a percorre-los concellos de Ferrol, Narón, Neda e Fene, onde será recebido polos Alcaldes e Corporacións que farán mocións de solidariedade co pobo de Timor Leste, rematando a xornada cunha roda de prensa e unha charla no Ateneo Ferrolán.



Por Xaquin Marin

TIMOR LESTE

Parágrafos tirados dos respectivos discursos pronunciados polos timorenses Carlos Filipe Ximenes Belo e José Ramos-Horta na cerimonia de entrega do Premio Nobel da Paz, en Suecia, o ano 1996.

Faço meu este apelo, e afirmo : "Parai com o derramamento de sangue." E acrescento: parai com a opressão. Parai coa violência. Parai com o conflito. Sentemo-nos em torno de uma mesa e entendamo-nos, porque não podemos tolerar, por muito mais tempo, o prolongamento do sofrimento do povo de Timor Leste. Penso que é esta a intenção fundamental do Comité Nobel ao conceder-nos o Prémio, expressa pelo seu Presidente, o Senhor Francis Sejersted.

Carlos Filipe Ximenes Belo

" Com vossa permissão, as minhas primeiras palavras serão na língua de Camões, Fernando Pessoa, Agostinho Neto, Jorge Amado, Xanana Gusmão.

Apesar da brutal colonização indonesia e da repressão cultural dos últimos 21 anos, da proibição de uma língua e cultura que chegaram à nossa região há cerca de 500 anos, en Timor Leste esta língua secular ainda persiste teimosamente.

Sendo o segundo timoresnse de nacionalidade portuguesa a ser honrado com o Prémio Nobel de Paz, o primeiro é o nosso respeitado e venerado Bispo Dom Carlos Filipe Ximenes Belo, faltaria a minha herança histórica e consciencia se não começasse esta minha intervençâo na língua que hoje une a mais de 200 milhões de pessoas nas cinco regiões do mundo"

José Ramos-Horta

DIA 12 DE NOVEMBRO


Hoje é 12 de Novembro
ao raiar o sol,
os timorenses gritam de sofrimento
para todo o mundo ouvir.
Ao raiar do sol,
procuramos a liberdade
para a nossa terra
pagando com o sangue e o corpo
Independencia para a nossa terra.

Com o nosso sangue
escrevemos a história da nossa terra
Com as nossas vidas
reconstruiremos a nossa terra
para ao nossos vindouros


Pais desesperados
procuram os corpos destroçados dos seus filhos
que jazem algures em Timor
Quem cuidará dos nossos corpos sem vida?
Regam com lágrimas
as flores que deitaram sobre as tumbas descampadas.
Quando chegar a nossa vez de desaparecer
do vosso lado

Com o nosso sangue
escrevemos a história da nossa terra.
Com as nossas vidas
reconstruiremos a nossa terra
para os nossos vindouros.

Xanana Gusmão



Era uma vez um cocodrilo que nadava para Oriente
com um rapazinho montado nas suas costas
Iam ao encontro do sol...
Esgotado o cocodrilo deixou de nadar
e transformou-se numa ilha.
Desse rapaz nasceu o povo timorense.




IMAXE

Por Siro López

SUDÁN : LOITAR CONTRA O ESQUECEMENTO

Por Maria José Pérez de la Romana, de Caritas Española



Sudán, o país máis grande de África, padece unha guerra que se remonta, practicamente, ó comezo da súa independencia en 1956. Dende entón, apenas se coñeceron dez anos de paz, aínda que os seus "conflictos internos" a duras penas transcenderan á opinión pública internacional, excepto cando as cámaras de televisión introduciron nos noso fogares o horror da fame e a miseria, como aconteceu o pasado verán, e que foi motivo da inmediata posta en marcha dunha campaña de emerxencia de Cáritas.

Naquel intre, a poboación española volcouse cos danmificados sudaneses cunha gran xenerosidade a través da Campaña de Cáritas con Sudán, e en estreita colaboración coa rede internacional da institución.

Pero, ¿que coñecemos de Sudán?, ¿como actúa Cáritas na zona?, ¿que proxectos ten en marcha?, ¿como se financian?.

Estamos afeitos a escoitar que o conflicto de Sudán é étnico-relixioso, sen embargo, non profundizar máis na situación real do país sería unha inxustiza para todos aqueles que tentan construír pontes cara á paz. E é que non podemos falar de paz sen coñecer ben as causas da guerra, que case nunca se reducen a unha soa.

Traballar no Sudán non é doado. A guerra dura xa demasiado tempo e, nun país tan grande e cunha poboación tan dispersa, a propia situación interna convértese por si soa nunha constante emerxencia. O máis idóneo, por iso, é impulsar proxectos de desenvolvemento e de rehabilitación, pero isto non é sempre posible. Nestes intres Cáritas Española dirixiu as súas accións cara a un programa das Hermanas Salesianas de abastecemento de alimentos e material de primeira necesidade ás comunidades de Jartum e Wau, que son zonas gobernamentais onde se concentran bolsas de refuxiados que son os desprazados cara ó deserto ´´os chamados "campos de paz" e que foi apoiado cun fondo de 16.500.000 pesetas. Cos Padres Blancos aténdesen dúas parroquias, Halfa Jardida e Haj Yousif, o seu obxectivo consiste en abastecer de alimentos, entre outros, ós comedores escolares, así como á compra de mantas, medicinas, xabrón e demais utensilios de primeira necesidade. Cos Padres Comboianos o proxecto de desenvolvemento diríxese á ampliación dun dispensario médico na cidade de Raga. Finalmente, para a poboación das Montañas Nuba, o Pai Kizito, fundador da ONG KOINONIA, con sede en Nairobi, solicitou axuda económica para mercar semente e ferramentas para traballar no campo.

Rehabilitación e desenvolvemento local é o traballo que desenvolve Cáritas en Sudán, sen esquecer o labor de denuncia, informativa e de sensibilización. Por todo isto, no próximo 15 de outubro, estará en Ferrol no Salón de Actos do Ateneo Ferrolán, a responsable da Campaña Cáritas con Sudán, María José Pérez de la Romana, técnico de Cáritas Española, para que Sudán non quede no esquecemento dos que no seu momento manifestaron o seu apoio con donativos e a través do canal Cáritas quixeron manifesta-la súa solidariedade con esta poboación. Ela, María José, estivo en Sudán en varias ocasións, analizando, apoiando e supervisando as necesidades e a marcha dos proxectos anterormente citados.

O seu testemuño, os informes que ata o momento se realizaron e un bo número de diapositivas e material fotográfico ilustrarán a charla que xa titulamos:

"SUDÁN:
LOITAR CONTRA O ESQUECEMENTO"



FALAMOS DE...

CONSTANTINO BELLÓN

O pasado, 31 de agosto, tivo lugar a celebración da Final do 9º Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón". O festival do "Constantino Bellón", celebrouse no Auditorio da Feira de Mostras, para facilita-la participación e asistencia dos ferroláns ós Fogos de Amboaxe á enseada da Malata.

Este ano contou coa participación dun total de once gaiteiros, 4 deles procedentes da emigración, seleccionados polo apartado "Gaiteiro de Soutelo" que, como sempre, non lle puxeron fácil ó Xurado á hora da decisión final.

Os once gaiteiros finalistas foron:

Seleccionados polo apartado "Gaiteiro de Soutelo": David Martínez Monter, de Cuba; Walter Andrés Almirón García, de Arxentina, Alberto Sanmartin Montaña, de Barakaldo e Manuel Coedo Freijo, de Terrassa.

Pola selección do "Bellón": David Fernández Fiaño, de Cortiñán, Pedro David Lamas Varela, de Cecebre, Juan Carlos Iglesias Esperón, de Poio, Pontevedra; Pepe Vaamonde Manteiga, de Coruña, Pablo Varela Pardo, de Lugo, Iván Costa Blanco, de Moaña e Oscar Miranda Lodeiro.

O ganador absoluto deste noveno certame e das trescentas mil pesetas foi Iván Costa, da Moaña, quen repetía premio, xa que foi o primeiro ganador no ano 91, e foi perfectamente arroupado cos dous accésits de cen mil pesetas que recaeron en Pepe Vaamonde, da Coruña e Oscar Miranda Lodeiro, de Arteixo.

Noutro aspecto cabe falar das nominacións "Gaita de Ouro e Gaita de Prata que este ano recaeron, a primeira na figura do gaiteiro Juan Bello Mallou, da agrupación "Cantigas e Agarimos", de Santiago e, a segunda mención foi para o grupo tradicional "Os Montes", de Lugo. Todos eles recibiron o seu galardón e a peza do "Constantino Bellón" coas que o Ateneo recoñece o labor desenrrolado a prol da música galega, así como os aplausos do público que abarrotaba o auditorio da Feira.

A festa final estivo a cargo dos grupos, "Treixadura", de Lugo e "Os Cempés", de Ferrol que fixeron as delicias de tódolos asistentes e fieis seguidores do "Bellón" ata a hora da traca final dos Fogos de Amboaxe, que pechou esta novena edicción.

SOUTELO DE MONTES

O sábado 21 de agosto, na súa localidade de nacemento, Soutelo de Montes en Forcarei, celebrouse o centenario do nacemento de Avelino Cachafeiro, popularmente coñecido como *O Gaiteiro de Soutelo.* O seu concello quixo organizar unha serie de actos de homenaxe ó nomeado no seu día, no ano 1924, Millor Gaiteiro de Galicia.

O Ateneo Ferrolán vén utilizando desde hai varios anos o nome do Gaiteiro de Soutelo no apartado do Concurso de Gaita Galega *"Constantino Bellón"*, espacio adicado e reservado á selección dos gaiteiros que participan na final do mesmo e que se presentan por medio dos Centros Galegos e Comunidades do Exterior.

Con ese motivo o Ateneo Ferrolán estivo presente na conmemoración destes actos, organizados polo concello de Forcarei, entregando ó Concello de Forcarei, para o Museo que está a montar e que recollerá a historia e reco[illegible] a tradiciona[illegible]*ra de Chantada"*, unha peza do *"Constantino Bellón"*, cunha placa que lembra esta data.




A BATALLA DE BRIÓN

Coincidindo coa Marcha de Brión os dias 21 e 22 de agosto organizáronse no castelo de San Felipe dous festivais, un de danza co grupo Xacarandaina, festival que o Concello de Ferrol tiña acordado co Xacobeo, e outro folk a tarde do domingo cos grupos Cachimonia e Roquementroque.

Ambos festivais foron organizados conxuntamente entre a Concelleria de Cultura de Ferrol e máis o Ateneo Ferrolán, e co acordo ou aquiescencia do Clube de Montaña, como un reto tácito conxunto cara a esa celebración do 200 aniversario que acontecerá o próximo ano e que o Concello debe de abanderar e darlle unha especial relevancia.

Esa caracteristica de apoio a todo aquilo que consideramos de interese para Ferrol e a cultura en xeral levounos a reforzar, nas nosas posibilidades, esa celebración que vén organizando ano tras ano o Clube de Montaña para conmemora-la Batalla de Brión, que acontecera arredor do 25 de agosto de 1800, coa tentativa de desembarco dunha flota e do exército inglés no areal de Doniños.

Nós, Ateneo Ferrolán, sen entrar en profundidade na valoración do significado deste feito para o desenvolvemento da historia e do que aconteceu cos nosos países, si que é unha realidade que forma parte do noso patrimonio histórico. Isto é o que desde o Ateneo



ARTIGO

Por José Millet
(Crítico de Cine da Asociación de Escritores de Cuba)

CUBA: CINE E REALIDADE, HOXE

Dificilmente pode haber alguén que poña en dúbida que o cine é o mellor espello da cuba dos últimos corenta anos. Esta arte reflicta, palmo a palmo, as excelencias e debilidades dun proceso de transformacións radicais dunha sociedade pola dependencia de todo tipo a diferentes metrópoles ó longo da súa azarosa historia. Fundindo as súas raíces nos logros das vangardas estéticas europeas e no mellor da cinematografía americana, esta expresión artística soubo bordear maxistralmente os perigos do realismo socialista e os desatinos das proposicións vidas dun Occidente que, moitas veces, mostrou o rostro dun esgotamento dos seus recursos e proposicións máis transcendentais.


O resultado é de todos coñecido: un cine de marcado selo nacional que, sen embargo, mostrou sempre unha capacidade para conxurar estreitos chovinismos, o que lle permitiu situarse nunha situación de punta en relación con outras cinematografías de América Latina ás que serviu - durante moitos anos, como a súa producción literaria de faro e exemplo. Pero a partir de 1989, coa desaparición da Unión Soviética e do campo socialista, esta industria cubana experimentou unha caída vertixinosa, agravada polo éxodo de moitos directores e actores a outros países nos que encontraron medios materiais e alento para prosegui-lo seu traballo.

"Fresas y chocolate", con algúns antecedentes algo dignos de mención, chamou a tención da crítica autorizada polo acercamento a temas como a homosexualidade que foran tabú na sociedade cubana. Daquela pensábase que o cine cubano non sería xamais aquel que brillou con luz propia en décadas anteriores, e que sufriría non só un colapso a causa da precaria situación económica da Illa, senón que non sería capaz de repoñerse do anquilosamento experimentado noutros sectores da cultura da Maior das Antillas. Se " Alicia en el país de los milagros", *de Daniel Díaz Torres, suscitara o desmelenamento de funcionarios e autoridades non acostumados a un tratamento desenfadado da realidade,* "Guantanamera" *do desaparecido Tomás Gutiérrez Alea levantou máis dun malentendido ó volver a un asunto que parecía xa cancelado definitivamente, o da mentalidade burocrática, que tanto lastra a iniciativa e a creatividade dun pobo.*

"Un home de éxito", *volve ó tema do individuo, enfrontado sempre a circunstancias que moldean os seus valores e condicionan o seu comportamento. Este filme transita polo difícil problema da medición do home a partir do modo en que resolve a súa situación ante coxunturas históricas tan complexas como as da revolución: o seu protagonista debe elixir entre salva-la vida ou traizoar a causa que, consciente e voluntariamente, asumiu como propia da súa clase social e de toda a humanidade que pretende representar un arranque de idealismo político. A mensaxe é dun realismo marcado, pero as actuacións salvan en gran medida escollos noutras áreas que podían conxurarse cun máximo de rigor e sentida da economía.*

"La vida es silbar", *en cambio, resulta un achegamento fresco e convincente á realidade cubana, non exenta de problemas que a ameazan e non só no que respecta á economía e ás carencias materiais. A través dun tratamento moi valente do tema do amor, o seu director sublíñanos a diversidade e riqueza dunha sociedade que tivo que liquida-lo seu pasado e construír un futuro propio, a base de tesón e golpes de imaxinación. A mensaxe final que nos devolve a película é totalmente alentadora: a comunidade salva os seus valores máis altos e pon a resgardo a súa sobrevivencia se o individuo é capaz de preserva-la súa dignidade en nome de principios elevados como o da entrega desinteresada e o da solidariedade.*

A producción hispano-cubana "Cosas que dejé en La Habana" *trata o tema da frustación de tres irmás que emigran de Cuba buscando noutro país a realización de soños e ideais que supoñen lles están vedados no seu país natal.*



O enfrontamento con outro sistema económico social, é dicir, o capitalismo, devólvelles a algúns dos seus membros a imaxe do perdido e os valores de que son portadores, cos cales deberán ser capaces de conxura-la angustia do exilio voluntario e as angustias provocadas polo choque cunha cultura distinta á súa. Daysy Granados e o celebrado Perogurría son os responsables, coa súa actuación, dos indudables alcances desta longametraxe; non así en canto á realización e empleo dun tempo que, en ocasións, resulta incomprensible.

A liña do cine documental foi levada en Cuba con moita consecuencia e profesionalidade. De ahí que resulte un feito que se fale dunha escola cubana neste tipo de creación cinematográfica. O nome de Santiago Álvarez resulta obrigado cando se trata deste asunto, que tanta influencia tivo noutros ámbitos da sétima arte. Por iso era necesario incluir nesta pequena mostra de cine cubano a "Trilogía del Ché", *cunha motivación evidente: resaltar esta importante liña de creación e facendo con el unha figura simbólica deste país caribeño, na cultura e na vontade de independencia en tódalas ordes da vida.*



CONVOCATORIAS

O Ateneo Ferrolán segue amantela continuidade de certames nos diferentes eidos das artes, coa inclusión e modificacións oportunas que poidan mellora-la convocatoria e realización dos mesmos.

Así, podemos falar , no eido das artes plásticas de FEITURA. Este certame pasará ó mes de maio, abrindo a súa participación e introducindo uns premios e posibilidade de adquisición das obras premiadas, con vistas a ese futuro Museo Municipal de Ferrol que todos quixeramos fora unha realidade canto antes.

No campo da imaxe, da Fotografía de Medio Ambiente, dicir que esta exposición estará no Outono Fotográfico de Ourense no próximo mes de novembro. Un punto máis desa colaboración do Ateneo Ferrolán co Outono Fotográfico será o envío dunha exposición de Vari Caramés, Ovidio Aldegunde, Jorge Meis e Luis Botana, catro dos fotógrafos máis prestixiosos ferroláns, exposición que podereremos disfrutar en Ferrol durante a segunda quincena do mes de novembro.

Buscando a participación dos máis novos, no mesmo mes, terá lugar un MARATÓN FOTOGRÁFICO, para nenos de 8 a 16 anos que se celebrará o sábado 13 de novembro. Este Maratón contará coa colaboración da casa comercial JOSBE e do Concello de Ferrol.

MARATON FOTOGRÁFICO INFANTIL OUTONO FOTOGRÁFICO

CONCURSO INFANTIL (8 a 16 ANOS)



DATA FINAL DE INSCRICIÓN: 6 DE NOV.
DATA MARATHON FOTOGRAFICO: 13 DE NOV.
SAÍDA : Centro Comercial Porta (Inferniño) 11 h.
CONTROL: Concello (Plaza de Armas) 16 h.
FINAL: Ateneo (Rúa Madalena 202) 9 h.
Entregaráse un carrete en color de 24 fotos. O concurso dividirase en tres temas, tirando 6 fotos de cada un deles.

1 Foto de Control
6 Fotos do 1º Tema
6 Fotos do 2º Tema
6 Fotos do 3º Tema
1 Foto de control

FALLO: 30 de novembro de 1999

PREMIOS: Serán en productos fotográficos das tendas JOSBE, polas cantidades que siguen:

1º 30.000 Pts.
2º 20.000 Pts.
3º 10.000 Pts.

FIADEIRO MUSICAL

Trátase de ofertar á xuventude e grupos de música, de todo estilo, e cantautores da comarca de Ferrol, non coñecidos ou integrados nos circuitos establecidos e comerciais, a posibilidade de darse a coñecer nun concerto público.

Os grupos ou cantantes interesados deberán enviar ó Ateneo Ferrolán unha gravación, en cinta de Audio, con tres cancións, co gallo de realiza-la súa selección e futura incorporación no programa de concertos a celebrar.

O Ateneo Ferrolán nomeará un Xurado, integrado por persoas do mundo da música, tentando abarca-los diferentes sectores e actividades relacionadas como ensino, comercial e lúdica.

O prazo de presentación de traballos finaliza o mércores 27 de outubro

Coa selección realizada polo Xurado, o Ateneo Ferrolán establecerá un Programa e calendario de concertos a realizar no Ateneo, ou Centro Cultural, dependendo do estilo e necesidades de espacio.


O Xurado realizará unha selección dos grupos e cantautores, de grupos e estilos co gallo de editar unha gravación en formato Disco Compacto CD, que estará baixo o patrocinio do Ateneo Ferrolán e posibles colaboradores.

EIDOS 99 '

O Ateneo Ferrolán dentro da súa liña de promoción das artes, criou un espacio, unha plataforma de expresión para aqueles rapaces e rapazas da nosa terra, que estean a desenvolve-los seus estudios nas diferentes Escolas de Belas Artes e Oficios Artísticos e no campo da creación.

EIDOS 99 ' quere ofrecer ós nosos mozos que teñen que realiza-los estudos do mundo artístico dentro ou fóra da nosa terra, un lugar onde poidan expoñe-los seus traballos e de contacto permanente coas súas propias raíces.

EIDOS 99 ', é un lugar de encontro e intercambio anual, de experiencias e coñecementos artísticos para a nosa xuventude.EIDOS 99 ' quere ofrecer ós nosos mozos que teñen que realiza-los estudos do mundo artístico dentro ou fóra da nosa terra, un lugar onde poidan expoñe-los seus traballos e de



EIDOS 99 ', nace co obxetivo de ser un foro estético e de debate, unha fiestra aberta dende os propios lares ás correntes do futuro.

EIDOS 99 ', abrirá as súas portas no Ateneo Ferrolán, dende o mércores 22 de decembro ata o venres, día 7 de xaneiro do 2.000.

BASES:

1.- Poderán participar tódol@s mozos galeg@s ou que desenrolen a súa creación en Galicia.

2.- EIDOS, terá un carácter expositivo e non contempla a posibilidade de fallar premios entre os participantes.

3.- O Ateneo Ferrolán fará unha selección previa coas obras presentadas.

4.- Non se poderá participar con máis de dúas obras en cada modalidade.

5.- Para ter acceso á selección é indispensable a presentación das obras do autor/a.

6.- As obras irán acompañadas dos seguíntes datos:
Apelidos — Nome
Enderezo
Poboación — Teléfono
Escola — Curso Actual
Título Obra
Medidas — Técnica
Prezo
Autorización da exposición

7.- O envío farase ó seguinte enderezo:
ATENEO FERROLÁN (Certame EIDOS)
Rúa Madalena, 202, 1°
15402 FERROL

8.- O prazo de presentación de obras rematará o xoves 9 de decembro

9.- O Ateneo Ferrolán comunicará a tódolos autores a súa selección.

10.- Coas obras seleccionadas farase unha exposición no Ateneo Ferrolán, entre os días 22 de decembro e 7 de xaneiro do ano 2.000, elaborando un catálogo da mesma.

11.- O prazo para recollida das obras expostas será dun mes, a partir da clausura da exposición, sendo responsabilidade dos autores a súa recollida e transporte. Transcurrido ese prazo, entenderase que os autores renuncian a calquera dereito sobre as obras expostas.

12.- A participación en EIDOS 99 ', implica a aceptación total das presentes BASES.

Certame de Vídeo " PASO DA RAIA"

No Ateneo Ferrolán estamos a prepara-las bases para a realización dun Certame de Vídeo que terá lugar en Ferrol o próximo mes de outubro do ano 2.000. O mesmo enmarcase nas actividades culturais do Eixo Atlántico, aprobadas na súa asemblea anual, celebrada o pasado mes de febreiro, a instancias do Concello de Ferrol.

Por mor da premura da edición desta publicación, aínda non estando rematada a forma definitiva das bases, quixeramos facer un adianto bastante aproximado dos obxectivos e regulamento que presentaremos a curto prazo dun xeito oficial.

OBXECTIVOS:

1.- Artellar arredor deste certame unha alternativa de promoción cultural que contribúa ó achegamento do mundo da creación e da xuventude da gran cidade virtual do Eixo Atlántico, conxugando a interacción dos novos valores creativos e artísticos coa oferta de novos medios e técnicas que a industria vai descubrindo día a día.

2.- Facilita-lo achegamento e utilización artística das novas tecnoloxías no campo audiovisual creativo vertebrando alternativas conxuntas dirixidas á eurorrexión do Eixo Atlántico, abríndo campos temáticos de participación, talleres de aprendizaxe e perfeccionamento de técnicas, facendo do "Paso da Raia" unha plataforma de encontro, presentación, investigación e intercambio de obras e traballos realizados.

3.- Reforzar, a través de "Paso da Raia", a participación e protagonismo da cidade de Ferrol no Eixo Atlántico, aberta á colaboración, nun esquema de alternancia do certame, cunha cidade portuguesa do Eixo e tentando complementala e interrelacionala con outro tipo de alternativas semellantes existentes ou novas do Eixo Atlántico, na procura desa necesaria vertebración que aporta a solidariedade.

DEFINICIÓN E CONTIDOS:

- Certame de Curtametraxes en Vídeo
- Presentación das novas tecnoloxías audiovisuais.
- Cursos / Charlas sobre novas tecnoloxías.
- Debates, conferencias e mesas redondas.
- Colaboración e intercambio con outros eventos semellantes, existentes ou futuros.
- Convenios de investigación e desenvolvemento con Centros especializados, Universidade, Escolas Técnicas, coa Industria e Servicios do Sector.
- Emisión dos traballos en Salas durante o Certame

LUGAR E DATAS DE CELEBRACIÓN:

A Bienal "Paso da Raia" terá lugar na cidade Ferrol, entre os días 20 e 30 de outubro do ano 2.000, tendo como sede e responsable da Organización do evento ó Ateneo Ferrolán.





PROGRAMACIÓN

Outubro - Decembro 1999

As actividades recadradas son aquelas que se realizarán fóra das instalacións do Ateneo Ferrolán

setembro

Venres 17 (20.30 h.)

Inauguración Exposición Venta:
SOLIDARIEDADE con TIMOR LESTE
(Pintura e e Fotografía)
Colabora: Galiza Solidária

Venres 24 (20.30 h.)

Conferencia:
" TIMOR ESTE:
UN POBO, UNHA NACIÓN"
Invitado : LUIS CARDOSO

Xoves 30 (20.30 h.)

XOVES TEATRAIS: Teatro do ADRO
con " BULULÚ do LINIER "
Lugar: Auditorio municipal "Torrente Ballester"

outubro



Venres 1 (20.30 h.)

Inauguración da Exposición:
Acuarelas de ANTONIO RIVAS POL

Sábado 2 de 11.30 a 13.30 h.

OBRADOIRO INFANTIL:
Teatro Infantil
Profesora : Natalia Pérez Prado

Domingo 3 (12 horas)

CINE INFANTIL

Xoves ·7 (20.30 h.)

XOVES TEATRAIS:
Teatro do NOROESTE
con " FEIRANTES "
Lugar: Auditorio municipal "Torrente Ballester"

Sábado 9 de 11.30 a 13.30 h.

OBRADOIRO INFANTIL:
Teatro Infantil
Profesora : Natalia Pérez Prado

Sábado 9

EXCURSIÓN CULTURAL A VIGO :
(Visita ás Exposicións)
"Tutankhamón: imaxes dun tesouro baixo o deserto exipcio"
e "Picasso, lenda dun século"

Domingo 10 (12 horas)

CINE INFANTIL

Xoves 14 (20.30 h.)

XOVES TEATRAIS :
Teatro NOVE-DOUS
con " CRIMES ANÓNIMOS "
Lugar: Auditorio municipal "Torrente Ballester"

Venres 15 (20.30 h.)

Inauguración da Exposición de Pintura
" DIALÉCTICA PICTÓRICA "
de Hector Francesch
Organiza: Actividades Culturais do Campus de Ferrol - Universidade da Coruña

Venres 15 (20.30 h.)

SOLIDARIEDADE:
Conferencia "A situación en Sudán"
Informa CÁRITAS:

Sábado 16 de 11.30 a 13.30 h.


OBRADOIRO INFANTIL:
Teatro Infantil
Profesora : Natalia Pérez Prado

Domingo 17 (12 horas)

CINE INFANTIL

Mércores 20 (22.15 horas)

TERTULIA :
" O GOBERNO MUNICIPAL "
Emitida en directo por Ferrol Visión Canal 29



Xoves 21 (20.30 h.)

XOVES TEATRAIS:
CONTRASTE (Asociación Culktural)
TEATRO n + 1
Con " MANIPULACIÓN "
Lugar: Auditorio municipal "Torrente Ballester"

Venres 22 (20.30 h.)

Presentación de:
"AÍNDA MÁIS DIFICIL"
(Curtametraxe realizada en Ferrol)
Dtor. Angel de la Cruz
Producción E.I.S. Dtor. do E.I.S. Pepe Barba

Sábado 23 de 11.30 a 13.30 h.

OBRADOIRO INFANTIL:
Teatro Infantil
Profesora: Natalia Pérez Prado



Sábado 23 (19.30 h.)

PRESENTACIÓN DO FIADEIRO MUSICAL e CONCERTO:
JULIE GURAVICH QUARTET

Domingo 24 (12 horas)

CINE INFANTIL

Xoves 28 (20.30 h.)

XOVES TEATRAIS:
Teatro do MORCEGO con
" MORTE ACCIDENTAL DUN ANARQUISTA "
Lugar: Auditorio Municipal "Torrente Ballester"

Venres 29 (20.30 h.)

Inauguración Exposición de Cerámica
de ENRIQUE GUTIERREZ LEIRACHÁ

Sábado 30 de 11.30 a 13.30 h.

OBRADOIRO INFANTIL:
Teatro Infantil
Profesora: Natalia Pérez Prado

Sábado 30 (20.30 h.)

CICLO CUBANO
CONCERTO:
María Vinén e grupo Malaika
Lugar: Auditorio Municipal "Torrente Ballester"

Domingo 31 (12 horas)

CINE INFANTIL

novembro

Martes 2 (20 horas)

CICLO CUBANO
Conferencia: "O CINE CUBANO"
por José Millet
CINE: " La vida es silbar "

Mércores 3 (22.15 horas)

TERTULIA:
" A DESAFECTACIÓN URBANO-MILITAR"
Emitida en directo por Ferrol Visión Caanal 29

Xoves 4 (20.30 h.)

XOVES TEATRAIS:
Teatro BALEA BRANCA
con " PARELLA ABERTA "
Lugar: Auditorio Municipal "Torrente Ballester"

Venres 5 (* ver páx. 24) (20.30 h.)

CICLO CUBANO
CONCERTO:
Ballet La Jungla e Malaika
Lugar: Auditorio Municipal "Torrente Ballester"

Sábado 6 de 11.30 a 13.30 h.

OBRADOIRO INFANTIL:
Teatro Infantil
Profesora: Natalia Pérez Prado

Sábado 6 (19.30 h.)

FIADEIRO MUSICAL

(20,30 h.)

CONCERTO:
PALOMA SUANZES

Domingo 7 (12 h.)

CINE INFANTIL

Martes 9 (20.30 h.)

CICLO CUBANO
CINE: " Un hombre de éxito "

Xoves 11 (20.30 h.)

XOVES TEATRAIS:
Obradoiro de Teatro I.E.S. Rodolfo Ucha
Antigo IES de Caranza con
" OS FACEDORES DE BONECAS "
Lugar: Auditorio Municipal "Torrente Ballester"

Venres 12 (* ver páx. 24) (20.30 h.)

CICLO CUBANO
CONCERTO: JAZZ CARIBE
Lugar: Auditorio Municipal "Torrente Ballester"

Sábado 13 de 11.30 a 13.30 h.

OBRADOIRO INFANTIL:
Animación á Lectura
Profesora: Paula González Grueiro

Sábado 13 11 horas

1º MARATÓN FOTOGRÁFICO INFANTIL
" DETRÁS DO OBXECTIVO "
Plaza do Inferniño-Concello-Ateneo

Domingo 14 12 horas

CINE INFANTIL

Martes 16 (20 h.)

CICLO CUBANO
CINE: " Trilogía del Che "

Martes 16 (20.30h.)

Inauguración da Exposición
"TEMA, NO TEMA"
Por VARI CARAMÉS, OVIDIO ALDEGUNDE,
JORGE MEIS e LUIS BOTANA

Mércores 17 (22.15 horas)

TERTULIA:
"O BARRIO DA MADALENA"
Emitida en directo por Ferrol Visión Canal 29

Xoves 18 (20.30h.)

XOVES TEATRAIS: ARMAR TEATRO de Toledo
Con LIGAZÓN / LA ROSA DE PAPEL
de Valle Inclán
Lugar: Auditorio Municipal "Torrente Ballester"

Venres 19 (* ver páx. 24) (20.30 h.)

CICLO CUBANO
CONCERTO: TAMBORES CUBANOS
Lugar: Auditorio Municipal "Torrente Ballester"

Sábado 20 de 11.30 a 13.30 h.

OBRADOIRO INFANTIL:
Animación á Lectura
Profesora : Paula González Grueiro

Sábado 20 (19.30 h.)

FIADEIRO MUSICAL:
CONCERTO: CLAUDIA CAMPOS
e PABLO SEOANE

Domingo 21 (12 horas)

CINE INFANTIL

Martes 23 (20.30 h.)

CICLO CUBANO
CINE : " Amor Vertical "

Xoves 25 (20.30 h.)

XOVES TEATRAIS:
Teatro RARA AVIS
con " O RABO "
Lugar: Auditorio Municipal "Torrente Ballester"

Venres 26 (* ver páx. 24) (20.30 h.)

CICLO CUBANO
CONCERTO: MISA CUBANA
Lugar: Auditorio Municipal "Torrente Ballester"

Sábado 27 de 11.30 a 13.30 h.

OBRADOIRO INFANTIL:
Animación á Lectura
Profesora: Paula González Grueiro

Domingo 28 (12 horas)

CINE INFANTIL

Martes 30 (20 horas)

CICLO CUBANO
CONFERENCIA: José Millet

CINE:
" Cosas que dejé en La Habana "

decembro

Mércores 1 (22.15 horas)

TERTULIA:
" OS ACCESOS A FERROL "
Emitida en directo por Ferrol Visión Canal 29

Xoves 2 (20.30 h.)

XOVES TEATRAIS:
Teatro CLAUDIA CAMPOS
con "COMA, CURSO PRÁCTICO DE GRAMÁTICA CANÍBAL, "
Lugar: Auditorio Municipal "Torrente Ballester"

Venres 3 (20.30 h.)

Inauguración da Exposición Colectiva:
FEIRA da ARTE 99'

Sábado 4 de 11.30 a 13.30 h.

OBRADOIRO INFANTIL:
Animación á Lectura
Profesora : Paula González Grueiro

Sábado 4 (19.30 h.)

FIADEIRO MUSICAL
CONCERTO:
de MARÍA MANUELA

Domingo 5 (12 horas)

CINE INFANTIL

Xoves 9 (20.30 h.)

XOVES TEATRAIS:
Teatro MOFA E BEFA
con " FINIS MUNDIS CIRCUS "
Lugar: Auditorio Municipal "Torrente Ballester"

1 ª XORNADAS VEXETARIANAS

Xoves 9 (20.30 h.)

DIETÉTICA NATURAL

Venres 10 (20.30 h.)

AUTOXESTIÓN DA SAÚDE

Sábado 11 (11.30 h.)

DEGUSTACIÓN NATURAL

Domingo 12 (12 horas)

CINE INFANTIL

Mércores 15 (20.30 h.)

Presentación do Caderno do Ateneo Ferrolán
A memoria parlamentaria de Alonso López
Por Rosa Mª Gabriela De-Cal y Cortina

Xoves 16 (20.30 h.)

XOVES TEATRAIS:
Teatro ALALÁ PRODUCIÓNS
con " A VIAXE DE LOLA "
Lugar: Auditorio Municipal "Torrente Ballester"

Sábado 18 de 11.30 a 13.30 h.

OBRADOIRO INFANTIL:
Animación á Lectura
Profesora : Paula González Grueiro

Sábado 18 de decembro (20,30 h.)

Festas do NADAL

FIADEIRO MUSICAL EN CONCERTO:

PALOMA SUANZES, CLAUDIA CAMPOS,
MARÍA MANUELA e JULIE GURAVICH

Lugar: Concatedral de San Xulián

Domingo 19 (12 horas)

CINE INFANTIL

Mércores 22 (20.30 h.)

Inauguración da Exposición: EIDOS 99'

XORNADAS DA GAITA

Martes 28 (20.30 h.)

" CONCERTO PARA GAITA E BANDA "
de MIGUEL de SANTIAGO

Lugar: Auditorio Municipal "Torrente Ballester"

Mércores 29 (20.30 h.)

CONCERTO cos grupos Folk
ARAUCA e VIOLIA
Lugar: Auditorio Municipal "Torrente Ballester"

XOVES TEATRAIS
Setembro - Decembro 1999

Tódalas funcións terán lugar no Auditorio Municipal "Torrente Ballester", ás 20,30 horas

Setembro 30
TEATRO DO ADRO : "Bululú do linier"

Unha metáfora irónica e divertida sobre os seres anónimos que se limitan a corre-la banda e a mira-lo partido, ou a vida, desde fóra.
Texto e Dirección: Candido Pazó.
Interpretación: X.A.Porto "Josito"

Outubro 7
TEATRO DO NOROESTE: "Feirantes"

Baseada en narracións de Álvaro Cunqueiro. Un espectáculo homenaxe á vaca e ás curiosas personaxes que aínda habitan os pobos de Galicia.
Adaptación teatral : Eduardo Alonso.
Interpretación: Luma Gómez.

Outubro 14
NOVE DOUS : "Crimes anónimos"

Sobre textos de Max Aub.
Dirección: Roberto Cerdá.
Interpretación: Josi Lage, Jose García.

Outubro 21
CONTRASTE (Asoc. Cultural n + 1)
"Manipulación"

Textos: Darío Fo, Sanchis Sinisterra e Michel Bataille
Interpretes: Fusa Guillén e Ánxeles Rodríguez

Outubro 28
TEATRO DO MORCEGO: "Morte accidental dun anarquista"

Comedia de Darío Fo, baseada nun feito real: a morte dos anarquistas Salcedo (EEUU) e Pinelli (Milán) cando eran interrogados en comisaría.
Dirección: Xoan Cejudo.
Interpretación: Celso Parada, Salvador del Río, Damián Contreras, Miro Magariños, Casilda García.

Novembro 4
BALEA BRANCA : "Parella aberta"
de Darío Fo e Franca Rame.

Un matrimonio en crise que despois de moitos anos de convivencia, deciden experimentar un novo modelo de parella.
Dirección: Rodrigo Roel.
Interpretación: Dami Orero e Pilar Alonso.

Novembro 11
OBRADOIRO DE TEATRO I.E.S. RODOLFO UCHA (Antigo I.E.S. de CARANZA) : "Os facedores de bonecas"

Dous inspectores da Facenda tentan facer unha auditoría nun taller artesanal de bonecas. Levarán unha sorpresa que fará cambiar as suas vidas.
Dirección: Belén Roca.

Novembro 18
ARMAR TEATRO: "Ligazón / La rosa de papel"

Dúas das pezas mellor talladas do "Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte" de Ramón Mª del Valle-Inclán.
Dirección: Pedro Antonio Penco.
Interpretación: Ángeles Ruiz, Juan Castillejo, Yolanda Criado, Rosa Herrera, David Jiménez e David Ortega.

Novembro 25
RARA AVIS : "O Rabo"

Catro escenas xocosas distintas que forman parte da obra "Teatro sobre teatro", de José Ruibal. A "Secretaria", monólogo dunha muller, cheo de comicidade e ó tempo de patetismo. "O superaxente", a metáfora dun home vencido polas máquinas. "Os mutantes", a falta de comunicación na parella trae consigo un desastre vital. "O rabo", un diálogo entre dous cans cheo de comicidade.

Decembro 2
CLAUDIA CAMPOS:
"COMA : prácticas de gramática caníbal"

A busca de alimento é o que move ó home; a lingua é o seu instrumento de poder. Así foi na descoberta do Novo Mundo, cando máis dun europeo serviu, alí, de comida ós nativos.
Concepción e realización : Cláudia Campos

Decembro 9
MOFA E BEFA : "Finis, Mundi, Circus"

Sumándose ó clima da psicose milenarista, Mofa e Befa, aportan o seu gran de area apocalíptica cun espectáculo, que na súa inmodestia, pretende preparar ó público para chegar con dignidade ó gran día. Ó día do xuízo final en que, segundo nos prometeron, se extinguirán tódalas cousas. Entre elas o teatro.
Para unha ocasión tan sinalada, Mofa e Befa, non repararon en esforzos (nin gastos), para presentar un espectáculo grandiosos que contribúa á reflexión e á integridade moral dos que agardan a súa sentencia, e así axudalos a "extinguirse con estilo".
Dirección: Quico Cadaval
Interpretación: Evaristo Calvo e Víctor Mosqueira

Decembro 16
ALALÁ PRODUCCIÓNS: "A viaxe de Lola"

Comedia reflexiva ó redor do mundo da muller.
Dirección: Carlos Alonso - Cristina Domínguez.
Interpretación: Anabel Gago, María Llanderas, Mercedes Castro e Ursia Gago.

Concello de Ferrol





ATENEO FERROLÁN

CICLO CULTURAL de CUBA

Unha vez máis, no Ateneo Ferrolán, seguimos coa nosa teima de abri-las portas á Cultura, con maiúsculas, á cultura que nos vén de tódolos países, coma un xeito máis de arrequece-la nosa propia. Así, neste ano tratamos de seguir co Intercambio Cultural establecido o ano anterior polo Concello de Ferrol, en colaboración coa Fundación Granell e mais o Ateneo Ferrolán co pobo de Cuba. Para isto, aproveitaremos a estancia dunha Delegación cubana que terá lugar nos próximos meses en Santiago,co gallo da Exposición "TIERRA TIEMBLA", que se inaugurará no mes de setembro en Santo Domingo de Bonaval.

Esta Delegación componse de artistas e intelectuais varios que conforman unha representatividade das Artes no país caribeño, cos cales queremos ofrecer ó pobo ferrolán unha panorámica xeral da cultura de Cuba, por medio dun Ciclo que estamos a xestinar co obxecto de incluir diversas actividades como cine, música, teatro e conferencias, así como unha exposición de pintura/escultura de varios artistas cubanos que estarán presentes nas distintas actividades a organizar. Dentro das mesmas poderemos disfrutar dalgunhas películas e espectáculos ós cales sería dificil de acceder, por non estar nos circuítos comerciais.

A través do contacto permanente coa Delegación Cubana e por medio do ICAIC, Reynaldo González, director da Cinemateca de Cuba; Rita María Pérez, da Dirección Municipal de Cultura de Santiago de Cuba e José Millet, que estará en Ferrol connosco e o seu contacto en Galicia, Juanjo Goyanes, da Fundación Granell, queremos comezar un Ciclo de Cine e agardamos poder levar a bó porto as xestións para ofrece-lo resto de actividades que completan este Ciclo Cultural.

PROGRAMA:

DATA	ACTIVIDADES	LUGAR
OUTUBRO		
Sábado 30	Concerto: María Vinen e Grupo Malaika	Auditorio Municipal
NOVEMBRO		
Martes 2	Conferencia por José Millet Cine: " La vida es silbar "	Ateneo Ferrolán
Venres 5	Concerto: Ballet La Jungla e Malaika	Auditorio Municipal
Martes 9	Cine : " Un hombre de éxito "	Ateneo Ferrolán
Venres 12	Concerto: Jazz Caribe	Auditorio Municipal
Martes 16	Cine : " Trilogía del Che "	Ateneo Ferrolán
Venres 19	Concerto : Tambores Cubanos	Auditorio Municipal
Martes 23	Cine : " Amor Vertical "	Ateneo Ferrolán
Venres 26	MISA CUBANA	Auditorio Municipal (ou San Julián)
Martes 30	Cine : " Cosas que dejé en La Habana "	Ateneo Ferrolán

Programa de Exposicións

setembro

Venres 17 (20.30 horas)

Inauguración Exposición Venta:
SOLIDARIEDADE con TIMOR LESTE
(Pintura e e Fotografía)
Colabora: Galiza Solidária

outubro

Venres 1 (20.30 horas)

Inauguración da Exposición:
Acuarelas de ANTONIO RIVAS POL

Venres 15 (20.30 horas)

Inauguración Exposición de Pintura
" DIALECTICA PICTORICA "
de HECTOR FRANCESCH
Organiza: Actividades Culturais
Universidade da Coruña-Campus de Ferrol

Venres 29 (20.30 horas)

Inauguración Exposición de Cerámica de ENRIQUE GUTIERREZ LEIRACHÁ

novembro

Venres 19 (20.30 horas)

Inauguración da Exposición
"TEMA, NO TEMA"
OUTONO FOTOGRÁFICO
Por Vari Caramés, Ovidio Aldegunde,
Jorge Meis e Luis Botana

decembro

Xoves 2 (20.30 horas)

Inauguración da Exposición Homenaxe
ó pintor e escultor XOAN XOSE BRAXE

Lugar : Centro Cultural "Torrente Ballester"

Xoves 9 (20.30 horas)

Inauguración da Exposición
Colectiva de Artistas Ferroláns:

FEIRA da ARTE 99'

Mércores 22 (20.30 horas)

Inauguración da Exposición: EIDOS 99'

O Ateneo Ferrolán, vén dedicando unha homenaxe a un artista da nosa comarca, por medio da organización dunha exposición Antolóxica que vimos realizando en colaboración co Concello de Ferrrol e mais a Deputación Provincial, mostra que terá lugar na primeira quincena de decembro nas salas do Centro Cultural Municipal "Torrente Ballester".

Coa mostra correspondiente ó presente ano queremos homenaxear a Xoán Xosé Braxe, pintor e escultor ferrolán, un home especialmente comprometido coa sociedade e que a súa valía, como artista, é parella e directamente proporcional con esa sinxeleza que adorna a moitas persoas que por moito valor que teñan as súas obras tentan pasar do máis caladiño.

Por iso, por esa modestia, non é dificil pasear por diferentes lugares da cidade, que temos máis que visitado e disfrutado, nos cales atopamos mostras do bo facer de Braxe, sen que sepamosque son da súa autoría. Falamos da escultura de homenaxe ós mortos nos sucesos de Bazán, do 10 de marzo, da coñecida popularmente como fonte da Ranita, nos xardíns do porto, da estatua A Maternidade, no Ensanche B, ou no concello de Neda a escultura dedicada en memoria do doctor D. Paco da Merced.



X. X. Braxe

Na súa obra conta tamén con moitas esculturas e pinturas, das cales no Ateneo Ferrolán temos unha mostra permanente, cunha escultura en madeira de homenaxe ó amor, á parella, obra donada hai anos logo dunha exposición realizada por Braxe en lembranza e homenaxe ós Irmandiños.

OBRADOIROS

CURSOS DE GALEGO

PERFECCIONAMENTO

Luns, martes, mércores e xoves

Horario:

De 11 a 13 da mañán

Data de comezo: 4 de outubro

PINTURA

Luns e martes

Horario: *de 19 a 21*

Profesora: *Maria Manuela*

Socios: *5.000 pesetas*

Non Socios: *8.000 pesetas*

Data de comezo : 4 de outubro



TEATRO

Duración: 40 horas *(Martes e Venres)*

Horario: *de 19 a 21*

Profesora: *eSmérita Ramirez*

Matricula: *4.000 pesetas*

Non Socios: *6.000 pesetas*

Data de comezo : 5 de outubro

Lugar: Auditorio Municipal "Torrente Ballester"




OBRADOIRO INFANTIL

OBRADOIRO DE TEATRO PARA NENOS/AS

O obradoiro de teatro está pensado para todos aqueles nenos/as interesados en explotar as súas capacidades creativas.
Dividirase en dúas partes : unha destinada ó traballo corporal e outra ó traballo de improvisación teatral. Todo isto dende un aspecto totalmente lúdico, xa que nesta etapa cronolóxica é fundamental desenvolver as capacidades expresivas e comunicativas, propias do traballo teatral.

TEATRO PARA NENOS

Sábados de 11 a 13 horas
Do 2 de outubro ó 6 de novembro
Profesora: *Natalia Pérez Prado*
Socios: *Gratis*
Non Socios: *2.000 pesetas*



ANIMACIÓN Á LECTURA

A animación á lectura pretende ser unha solución á educación do lectro usando diferentes estratexias en forma de xogo, poñendo ós nenos en contacto con novas imaxes, vivencias, estimulos e fantasías que dun xeito lúdico fagan que a súa lectura sexa máis productiva

Sábados de 11 a 13 horas
Do 13 de novembro ó 18 de decembro
Profesora: *Paula González Grueiro*
Socios: *Gratis*
Non Socios: *2.000 pesetas*

PINTURA

Luns e martes
Horario: *de 17.30 a 19*
Profesora: *Maria Manuela*
Socios: *5.000 pesetas*
Non Socios: *8.000 pesetas*
Data de comezo: 4 de outubro



ARTIGO

Por Angel de la Cruz
(Director da Curtametraxe)

AÍNDA MÁIS DIFÍCIL

O que sempre resulta máis difícil é lembrar de dónde saen as ideas que rematan materializándose en obras cinematográficas, musicais, pictóricas e outras. Ou, o que é o mesmo, que procesos segue o pensamento dende o instante creativo inicial ata o remate total do producto. Sen embargo, no caso desta curtametraxe, isto é precisamente o máis fácil.

Durante a filmación do corto "Isolina do Caurel", do director Chema Cagino, ó equipo de rodaxe, entre os que me atopaba en calidade de decorador, atacárono unha colonia de pulgas que, tomándonos por gando lanar, trataron de chupa-lo noso apreciado sangue cal modernos e diminutos vampiros. A anécdota, aínda que semella graciosa, deu cos ósos de máis de un no botiquín de primeiros auxilios.

Lembro que entonces díxenlle a Chema, "temos que facer un corto con pulgas de protagonistas". Ben, ó final, estes molestísimos insectos non protagonizaron "Aínda máis difícil", tan só aparecen como virtuais figurantes, mais a idea primixenia naceu no Caurel. Ás poucas semanas de chegar púxenme a escribi-lo guión, presenteino ó concurso "Obradoiro na rúa", unha iniciativa da Excma. Consellería de Cultura en colaboura coa Escola de Imaxen e Son e seis concellos galegos, e resultou elixido para ser rodado en Ferrol, co patrocinio do Excmo. Concello desta cidade departamental.

Ata aquí todo ía ben. Mais o peor estaba por vir. A complexidade da producción, a recreación da época, a gran cantidade de figurantes (nalgunha secuencia aparecen ata setenta e cinco extras), unido á gastroenterite que me levou ó Hospital Arquitecto Marcide, víctima dunha deshidratación, fixo que o título da curtametraxe resultase premonitorio.

Mais, como sucede case sempre, de tódalas malas experiencias tamén tíranse bos momentos. E esta é a hora dos agradecementos.


Máis alá dos premios recollidos, se tivera que escoller tres momentos da rodaxe para o álbum dos bos recordos, coido que me quedaría, en primeiro lugar, co "casting" realizado no Ateneo Ferrolán, contando coa valiosísima axuda desta institución, ó que, desbordando tódalas previsións iniciais, se presentaron cerca de duascentas persoas, uns actores profesionais, outros afeccionados e, un terceiro grupo, cidadáns cheos de ilusións e cheos de historias. Todos eles cunha excelente actitude e algúns, ademais, con fantásticas aptitudes.

En segundo lugar, o apoio recibido por todo o equipo técnico e artístico da película, en especial do pobo de Ferrol que participaba na rodaxe, e as mostras de agarimo e afecto que, en todo momento me profesaron durante a miña convalecencia. Hoxe podo dicir que, gracias a eles e a ós dous litros de soro que me insuflaron no Servicio de Urxencias do Hospital, puiden remata-lo curto que doutro xeito endexamais tivese finalizado.. Moitas gracias.

E o terceiro recordo, agardo que sexa o do próximo 22 de outubro, logo da proxección do curto no Ateneo, auténtica proba de fogo de calquera exhibición: ser visionada por aqueles que participaron na mesma. Algúns seguramente levarán unha desilusión pola brevidade da súa aparición. Dicirlles que, aínda que só saia a súa sombra, poden estar certos de que, sen ela, habería unha ausencia que se notaría no resultado final. Outros recoñeceranse e divertiranse coa súa intervención e, se cadra, algún se anime a continuar probando sorte neste marabilloso mundo do espectáculo. Agora xa todos saben que non é *"glamour"* todo canto reloce. Pola miña banda, estou en condicións de afirmar que houbo moito talento en varias das intervencións e anímovos a todos a que sigades contando historias, ben sexa no cine, ben escribindo ou transmitíndoas oralmente ós vosos fillos como fixeron conosco os nosos devanceiros de xeración en xeración. Esa é a razón última que nos move e que nos diferencia das pulgas (e do resto dos animais).

Unha vez máis, gracias, moitas gracias Ferrol





Por Rosa María Gabriela De-Cal y Cortina

MEMORIA PARLAMENTARIA DE DON JOSÉ ALONSO LÓPEZ Y NOBAL

(Un ferrolán nas Cortes de Cádiz)

José Alonso López y Nobal é un máis persoeiros máis atraentes que o século pasado deixou para a Historia. Este ferrolán, do que Viceto dixo: *"Desde que Ferrol é Ferrol non produciu un talento máis claro, unha instrucción máis profunda e unha intelixencia, en fin, máis elevada"*, foi un dos deputados que fixeron das Cortes de Cádiz nosa primeira e máis valiosa experiencia democrática.

Experimentou, coma ninguén, esa extraordinaria mestura de romanticismo, liberalismo e constitucionalismo que foron o eixo do primeiro cuarto do século XIX. Incomprensible o entusiasmo desinteresado dos nosos liberais sen que o romanticismo impregnara xenerosamente as súas vidas. Porque José Alonso López foi un gran romántico, o cal non impediu que, asemade,destacara coma matemático, cartógrafo, Comisario da Inspección de Camiños, escritor e en tantas outras labouras. A súa obra é de sobras coñecida, sen embargo quedou esquecida naquilo no que, con toda seguridade, puxo o mellor de sí mesmo: as súas intervencións nas Cortes de Cádiz. Se Larra chegou á literatura polo Romanticismo, José López Alonso, pola mesma vía, chegou á política: cada un deles deixounos o seu singular legado.

A súa aventura parlamentaria comeza en 1808, data clave na nosa historia moderna, cando os franceses irrompen no noso territorio e as vellas estructuras organizativas do Antigo Réxime amósanse inservibles diante dos novos acontecementos. En xaneiro de 1809 os francese invaden Galicia, que abandonarán pouco despois, en xuño do mesmo ano, logo dunha valerosa defensa do pobo galego, ó que a Xunta Central o 10 de xullo felicita co entusiasmo propio dun intre tan transcendente *".. Sodes pois xa libres, o pobo de Galicia, e a patria ó pronuncialo borra con bágoas de admiración e de tenrura as doloras voces con que se queixou de vos noutrora. Sódes libres e llo debédes á vosa sublime exaltación, a voso valor, a vosa constancia, Sódes libres e España, Europa toda dánvos o parabén tanto máis doce, canto desesperada semellaba a vosa sorte"*.

A Guerra, pois, en Galicia rematou en data tempera e, tras un período de confusión organizativa, o 16 de marzo de 1810 constituiríase a Xunta Superior de Subsidios, Armamento e Defensa do Reino de Galicia que gobernará Galicia ata o 8 de marzo de 1813 -. As novas institucións serán o trampolín que os liberais necesitaban para poñer en práctica todo aquilo que constituíra o eixo da súa ideoloxía, que sabían escasamente asentada na sociedade: urxía o pulo desde o poder político.

A Xunta Galega marcará profundamente a vida de José Alonso López, quen entrará na mesma representando á provincia de Betanzos. A partir deste intre o seu compromiso co liberalismo será definitivo: a súa vida trocaríase nun verdadeiro himno á liberdade do seu pobo. Tiña, a esas alturas, o noso persoeiro 45 anos e era Comisario da Inspección Xeral de Camiños, aínda que se lle suspéndera o pagamento do seu soldo en nome da autoridade francesa, cando a Xunta Galega, o 30 de xullo de 1810, elixiuno como representante nas Cortes de Cádiz, por considerar que as súas calidades e coñecementos facíanno o máis idóneo para tan difícil tarefa.

Con esta encomenda marchou para Cádiz con outros deputados galegos -que representaban ás 7 provincias do Antigo Reino- embarcado na fragata IFIGENIA, onde arribaron o 28 de agosto de 1809. Desde o primeiro día da súa estadía gaditana, dedicou o seu ilusionado esforzo para poñer de manifesto ó Parlamento e ó Consello de Rexencia os problemas máis perentorios que tiña implantado o Reino de Galicia: abolición de señoríos, da Inquisición, liberdade de imprenta, abolición da tortura... etc. Serviu tamén de improvisado reporteiro transmitindo á Xunta Galega canto acontecía en Cádiz e, aínda que as súas novas non chegaban a Galicia coa rapidez que el desexaba, mantivo informada á Xunta dos acontecementos que se desenvolvían naquel Cádiz, convertido en cuna do liberalismo e centro de reunión de deputados das duas Españas: a Peninsular e a de Ultramar.



CONTOS E OUTRAS HISTORIAS...

Por Antón Cortizas

O DOBRE DESCUBRIMENTO DA OUTRA AURORA

O laboratorio do Centro de Investigacións Enerxéticas está silencioso. Un inconfundible cheiro a petróleo invade o ambiente. Sobre a mesa de traballo, con evidente nerviosismo, unha investigadora (de bata branca, por suposto) fai anotacións nun caderno, mira repetidamente polo ocular do microscopio, e acaríñase a barriga coa man. Pode parecer unha noite de traballo coma outra calquera. Pode parecer unha desas noites ás que nos teñen acostumádolos investigadores desvelados; pero non o é. A doutora Aurora Trovisco, licenciada nisto e naquilo, doutora nesoutro de máis aló, é unha muller vencellada ós ambientes científicos da Europa dos Catorce e Medio; é coñecida e recoñecida en todo o mundo polo descubrimento do Poupex, unha sustancia que mellora notablemente o rendemento da gasolina. Tamén é inventora dun trebello que permite localizar pequenos xacementos petrolíferos, alí onde os haxa, cunha certeza do noventa e sete coma oitenta e catro por cento. E dicía que non é unha noite coma outra calquera para a doutora, porque esta acaba de recibir no baixo ventre unha suave, pero inesquecible patada, sobre o lado dereito, pero non dende fóra, senón interiormente. Pasa unha vez máis a man polo ventre e, repentinamente, a súa vista despréndese do ocular do microscopio, no que está a observar unha mostra de petróleo obtido nas costas da desembocadura do Miño.

Séntese moi eufórica, pero non berra eureka, porque non se lle acorda.

- Está vivo -exclama- está vivo, moi vivo. Isto é marabilloso. ¡Ouh, o meu esforzo tivo un froito extraordinario!

Na súa man treme un tubo de ensaio mediado de petróleo. Mira para el e para o lado dereito do baixo ventre onde vén de recibi-lo pequeno couce que xa foi comentado.

- Está vivo -non cesa de berrar. Deita unha ollada cariñosa ó seu avultado abdome, e un sorriso de infinita satisfación ó tubo de ensaio que sostén na man, e que lle treme tanto que semella que lle vai caer dun momento a outro. E agora sí, agora acórdaselle a palabra eureka e berra:

- ¡Eureka! ¡Por fin! ¡Está vivo!

Toma os seus últimos apuntes no diario de traballos do Centro de Investigacións Enerxéticas, e tamén na súa cartilla Xinecolóxica da Seguridade Social. Colle o teléfono e marca o número da súa casa.

- Ola, Ramón, queridiño...

- ...

- Si, xa sei que é moi tarde. Pero é que non podía deixa-lo traballo a medias.

- ...

- Xa vou agora mesmiño para aí. Non te deites aínda que teño algo moi importante pra te contar.

- ...

- Non, prefiro dicircho cando chegue á casa. Non te vaias durmir agora, ¡eh! Un bico. ¡Chau!

A doutora Aurora tirou a bata branca, envolveu no pescozo un pano de seda, puxo o abrigo e saiu cara á súa casa, apresuradamente, case dando saltiños no ar.

Os corredores do Centro de Investigacións Enerxéticas estaban baleiros. A penas se cruzou co vixiante da Compañía de Seguridade. Saudouno cunha efusiva aperta e deixouno laiándose de non tela correspondido cunha aperta un pouquichiño máis forte e duradeira.

De todas maneiras, pesia o contenta que estaba, non pisou demasiado o acelerador. O seu cerebro ía ocupado en darlle voltas e viravoltas ó asunto, ós dous asuntos, mellor dito. E o coche ía lento pero sen pausa, como se a máquina soubese ir soa ó seu destino.

Cando chegou á casa atopou ó seu home enfrascado na cocción dunhas papas millas que esparcían por toda a cociña un aroma entenrecedor. Aurora achegouse a el e apertouno por detrás.

- ¡El está vivo! -susurroulle na orella dereita.

- ¡Eh! ¿Que? - solprendeuse o seu home.

- ¡Tamén está vivo o outro! -susurroulle de novo, agora pola orella esquerda.

- ¿O outro que?

- Oh, Ramón, veño de face-los dous descobrimentos máis marabillosos da miña vida.

Ramón apaga o lume e ponlle o tello á pota para que as papas non enfríen.

- ¿Que estás a facer? -pregúntalle a súa muller reparando na pota.

-Acabo de face-las millores papas da miña vida, ¿velas? E agora mesmiño ímolas comer ti e máis eu mentres me contas sen deixar detalle iso tan importante que me tés que dicir.

Mentres Ramón serve dous pratos de papas e lles bota leite por encima, cun cerimonial digno de ser visto, Aurora comeza a contar.

- Non sei por cal dos dous principiar. Ben, coido que non tén dúbida: ¿sabes, Ramón?, sentín ó noso fillo por primeira vez. Deume a primeira patada. Mira, aquí, toca.

Aurora colleu a man do seu home e apousouna sobre o seu ventre.

- Eu non noto nada -dixo Ramón entre escéptico e feliz.

- Non, é que agora non se está movendo. Sentino por vez primeira cando estaba descubrindo... Pero xa o sentín máis veces ó vir para acó. Moveuse moitísimo cos seus pouquiños cinco meses. Se cadra vai ser futbolista.

- Muller, non sexas vulgar, iso o di todo o mundo.

- Xa, xa sei, pero é que eu tiña gañas de dicilo tamén, despois de tantos anos sen termos fillos... E agora que nos veu aínda non nos decidimos polo nome que lle imos pór.

- Si, é que así, sen ve-lo neno, resulta demasiado aventurado, ¿non? Se lle poñemos Manuel e tén cara de Xan, ¿que? E se lle chamamos Rosa e logo resulta que lle cheira o suor... ¡Ademais, Que presa temos!

- Non, xa sei que ningunha. Bo, Ramón, sígoche a contar que non é isto o único, ¡non é o único!

- ¿Non é o único que?

- Non é o único que está vivo, Ramón. ¡Humm! ¿Recordas hai cinco meses?

- ¿Cando fixemos a este que está aquí que agora che dá couces coma se fose un burro? Claro que me acordo. Acórdome de tódalas veces que o facemos. Aquel día estabas...

- Cala, non falo diso, agora. Hai cinco meses que levo investigando nunha vella idea. Ven o sabes.

-Ah, si o petróleo... Mais non me chegaches a dicir o que estabas a procurar.

- Segredo de estado, meu home, segredo de estado.

- Si de estado de gravidez.

Ramón resfregoulle a barriga burlonamente. Apoiou os cóbados na mesa e a cabeza nas dúas mans, como quen se prepara a presta-la máxima atención.

- Xa sabes que me gosta manter en segredo as miñas investigacións. E esta máis ca ningunha: o que veño de descubrir, con certeza vai cambia-lo rumbo da Historia.

- Explícate.

-Verás. Dende que descubrín o Poupex ando a darlle voltas e máis voltas nos mesus miolos a unha idea que... Ben, agora xa é realidade. Verás: Eu estaba mirando unha mostra de petróleo, levo examinadas má is de tres mil. Non estaba a facer unha análise química, senón simplemente visual. Imaxina, máis de tres mil cí rculos negros que levo visto. E sempre buscando o mesmo. Era unha tolemia, mais hoxe deixou de se-lo. O ensaio

funcionou por primeira vez. ¡Ai, ai, ai, ai...! Mira Ramón, que se move outra vez, o neno, o noso neno.

A doutora Aurora cortou a explicación e arrecachou a saia para que o home pasase a man sobre o seu ventre terso e úbedo. O meniño, a criatura aínda sen nome, deu trazas de saber que os seus facedores estaban a pensar nel, porque lles fixo unha auténtica exibición de patalexo. A suave pel do ventre materno saltaba a pequenos pulos inocentes, que mesmo semellaba que alí mesmo latexaba un corazón de primavera.

Ramón, achegou os seus beizos ó ventre da súa muller e deixou un bico alí onde máis se movía, e exclamou:

- ¡Ouh, pequeno terramoto!

Ambos sorriron, déronse un bico doce coma un panal, e a muller proseguiu a explicación que interrompira.

- ...dicíache que lle din moitas voltas a unha idea sobre a que empecei a traballar sen descanso.

- Iso si que o sei... sen descanso. Estar casado cunha científica ten moitos contras..., científicos, iso si.

- Non teñas ciumes dun tubo de ensaio, Ramón -díxolle a muller moi zalameira.

- Non, si xa sei que os contras son científicos.

- Pois. Eu pensei que o mellor remedio contra a crise enerxética era utilizar unha enerxía renovable. O vento, a auga, a madeira... e o petróleo...

- ¿O petróleo renovable?

- ¿E por que non?

- Pero iso é totalmente imposible de levar a cabo, o petróleo tarda millóns de anos en formarse.

- Non mo expliques Ramón, que xa o sei: A partir de pequenos seres vivos microscópicos, que quedaron aprisionados nas profundidades mariñas, e etcétera, etcétera.

- Claro, ¿e que pensas, crear cimiterios de microbios e outros bichiños?

- ¡Oh, non! Ramón, ti es un excelente marido, pero como científico non tés moito futuro.

- Para iso estás ti. Deixame que o imaxine: Crearanse unhas foxas enormes, e toda persoa que estexa con gripe ou tosferina, hala, alí a tusir; todo o mundo a tusir enriba da zanxa para enchela de microbios. Eu podo face-las cruces de madeira, pequeniñas e ben colocadas nas foxas.

- Ademais, es un marido gracioso. Non se trata diso. Déixame que cho explique ben e non me interrompas máis. A cousa é moito máis doada. Mira ben. Eu pensei na posibilidade de que... Xa sei que visto así de primeiras parece un pouco disparatada, ¿pero non o parece tamén a teoría da relatividade, acaso? As solucións, por moi disparatadas que nos parezan, debemos intentar probalas. E iso fixen.

- ¿Lémbraste daquel anaco de quéfir que nos deu a miña tía Pilara?

- ¿Quéfir? ¿Era unha masa xelatinosa, que parecía mocos, que se botaba no leite e o callaba?

- O mesmo. Iso que parecían mocos non eran nin máis nin menos ca unha colonia de bacterias que fan fermenta-lo leite, producindo alcol, ácido láctico e ácido carbónico, creo recordar.

- ¿E...?

- Pois que eu pensei que se hai unha bacteria que fai fermenta-lo leite, se unha bacteria fai fermentalo viño, se unha bacteria fai fermenta-la sidra; podería haber unha bacteria que fixese fermentar algunha sustancia aínda descoñecida e...

- ¡Cala non sigas, é un disparate! -exlamou Ramón máis asustado ca solprendido.

-...e a convertise en petróleo. Si, Ramón. Pensei nisto moito tempo, e con moita intensidade, tanta que ás veces me daba a sensación que os meus pensamentos eran sólidos e pastosos coma a arxila. E comecei a buscar, a buscar, a buscar, máis de tres mil buscares, máis de tres mil redondeis negros como o carbón, pero graxentos coma o petróleo... Porque para min estaba moi claro, Ramón, moi claro. De existir tal bacteria só podía estar nun lugar: no mesmo petróleo. E mentres buscaba, o noso fillo medraba e medraba dentro do meu ventre. Eu presentín dende o primeiro instante,

que o meu grande descubrimento estaba totalmente ligado ó noso fillo. E así foi, e así será, porque aínda non está todo resolto; e claro, aínda non naceu este futbolista que está aquí gardadiño coma un rei.

"E apareceu. Certo día vin como algo se movía na espesura negruza do petróleo. Era a tan esperada bacteria. Eu ailleina e leveina á facultade de Bioloxía. Alí identificárona. Bo, non exactamente, xa que era para eles unha bacteria descoñecida. Eu entón baticeina co nome de *Pardicellia esperada*. A partir de entón adiqueime en corpo e alma a procurarlle un alimento axeitado, que lle permitise o crecemento e a reprodución, e ademais producise petróleo por fermentación. E hoxe, hoxe logreino nunha sorte de xel que compuxen hai unha semana, no que depositei unha pequena colonia de *Pardicellia esperada*. Ramón, a bacteria está viva no tubo de ensaio. Máis que viva, a colonia medrou considerablemente, e as tres cuartas partes do xel estaban transformadas en ¡petróleo!

"¿Imaxinas, cariño? Colles un litro dese xel, bótaslle unha masa xelatinosa, como o quéfir, pero de cor pardo, e ¡nada por aquí, nada por alá!, velaí tres cuartos de litro do mellor petróleo, sen necesidade de sondeos, prospeccións petrolíferas, plataformas no Mar do Norte.

- ¡Tres cuartos de litro! -exclamou Ramón, batendo os dedos no aire, cun certo ar despectivo.

- Si, si, tres cuartos de litro, ou cuartillo e medio se o prefires. ¿Non te decatas? É un setenta e cinco por cento de aproveitamento. As bacterias son seres vivos e necesitan alimento e enerxía. Utilizan ese vintecinco por cento restante para o seu alimento e reprodución. A masa de bacterias vaise facendo cada vez máis grande, e máis grande. Coma o quéfir, vaia, o mesmo có quéfir, Ramón, para que che vou dicir máis.

Ramón abalou a cabeza.

- Pero se esa bacteria existe -dixo-, ¿como pode ser que non fose aínda descuberta? Cóstame crer que unha cuestión de tanta importancia económica puidese pasar desapercibida ata que ti te puxeches ó labor.

- ¿E iso que? ¿Cantos anos se tardou en saber que a Terra é redonda? -exclamou Aurora, visiblemente contrariada pola incredulidade que amosaba o seu home.

Non era que Ramón non confiase na grande intelixencia da súa muller, que si que confiaba; pero é que o que acababa de oir era demasiado para o seu entendemento. Se o que aseguraba a científica era certo, suporía un grande avance na solución dos problemas de enerxía do mundo. É máis, sería a solución ó problema da enerxía, agora que a situación das reservas de petróleo empeza a ser preocupante. Ramón pensaba que este era un descubrimento que beneficiaría enormemente a paz mundial. Con certeza acabaría coa carreira desenfrenada polo control do ouro negro. Acabaría tamén con...

Pouco e pouco a súa cara foi tomando un aquel de felicidade, unha felicidade delatora dos seus máis íntimos pensamentos. Pola súa parte, Aurora, dona do silencio que por uns instantes reinou entre ambos, foi escurecendo o semblante, como se de súpeto reparase nalgúns contratempos nos que ata ese instante non tiña pensado. Os seus ollos brillaron entón, coma dúas pinguiñas de petróleo, que ser eran da cor mesma do ouro negro. E aspirando polo seu nariz ávido un grolo de aire triste e profundo, a científica saiu do seu aqueloutramento.

- ¡Ai, Ramón, -susurrou- temo que a miña descuberta non vai servir de moito...!

- Pero se é extraordinaria, Aurora. É que é incrible, Aurora. ¿Decátaste, Aurora, do que pode supor o teu descubrimento? Calquera persoa poderá ter unha molicie de bacterias desas, coma nós cando tivémo-lo qué fir. Aurora, a xente pasarase de man en man unha presa dese cultivo de bacterias. Cada un de nós poderá fabricar tódolos litros de petróleo que quixer. Logo, seguramente, outros, ou ti mesma, inventarán un método de refine de petróleo a pequena escala. As gasolineiras serán transformadas en mini-plantas transformadoras do petróleo. Chegaremos alí no coche, coa nosa cántara de crú, e hale, veña gasolina case gratis...

Aurora, sorbendo co seu ánimo unha visible preocupación atristurada, dixo:

- ¡Alto, alto, Ramón! Aínda fica moito camiño por percorrer. A situación non é tan idílica coma ti soñas; algo moi importante se escapou ás miñas previsións. Estasme resultando un marido pouco curioso: non preguntaches cal é a materia que hai que lles proporcionar ás bacterias para que a transformen en petróleo.

- Tes razón, ¿que é?

- Trátase dun xel bastante líquido, feito cunha mistura de algas e vinagre.

- Pero iso é moi doado de facer ¿non?

- Digamos que non é moi complicado. Pero...

- ¿Pero que?

- Que non serve calquera alga. Só serve unha especie de marmulo que se chama Nortelorhyza cagoental. E esa alga, Ramón, só se cría en augas moi frías.

- ¿E...?

- ¡Ai, Ramón, que non te enteiras! ¿Quen poderían fabrica-lo xel, eh, quen? Os de sempre, Ramón, os de sempre. Os países situados máis ó norte. As bacterias poderiámo-las pasar de uns a outros, pero o xel non. Teriamos que mercalo todo, meu home, todo.

- Pero Aurora, ¿e a ti que máis che tén? Ti es unha científica, que vés de realizar o que tal vez vexa o maior descubrimento dos últimos cen anos. É moi posible, ¡que digo!, é seguro que che han da-lo Nobel por isto. ¡ Que che importa quen cultive e venda a alga esa! Ademais, nós tamén sairemos favorecidos. Tamén se precisa vinagre, ¿non si? O noso país é un bo produtor de viño. Teremos unha boa participación no negocio. Adicaranse as cepas do Ribeiro, de Albariño, de Amandi, de Mencía, de Betanzos e o Rosal á produción de vinagre para a fabricación do xel, xa verás; e o noso fillo, este que tés aquí, tal vez chegue a ser un magnate do vinagre.


Ramón finchábase cada vez máis, ideando un emporio mercantil para o seu fillo aínda sen nome. De súpeto os ollos de Aurora arregálanse e a súa ollada vólvese longa coma o inverno.

- ¡E a Antártida! ¡¿Que me dis da Antártida?!

- ¿A que vén agora a Antártida!

- Pero Ramón.., ¿é que aínda non te decatas? Este meu descubrimento pode desencadear moitas guerras! ¡Como non terei pensado nisto anteriormente! Se o chego a ver deste modo, seguro que tería abandoado as miñas investigació ns hai moito tempo.

- Muller, que esaxerada es. Non te comprendo nada. Primeiro vés eufórica a contarme os teus descubrimentos, e agora ¡plaf! afúndeste no pesimismo. Non te derrumbes e sigue coas túas experiencias. ¡Quen sabe se non se consigue aclimatar esa alga noutras latitudes, e así tódolos países poderán produci-lo seu propio petróleo! Xa verás como a túa preocupación non tén senso ningún.



- ¡A Antártida! ¡¡Claro!! ¡É terrible! A bacteria Pardicella esperada pode se-lo detonador da terceira guerra mundial. A Antártida é o lugar onde mellor se dá a Nortelorhiza cagoental. Tódolos países quererán facerse coa hexemonía da Antártida. Armaranse guerras e máis guerras por conquerir un sector de vinte graos sesaxesimais, e de dez, e ata dun só grao. E aínda máis, os países que non teñen saída ó mar quererán ter unha, por moi pequena que sexa, para intentaren cultiva-la Nortelorhiza cagoental, que quen non se consola é porque non quere. ¡Oh, meu Deus, pero que é o que eu fixen! Ai, unha vez máis a Ciencia vai servir para destruír e non para construír. Si, iso farei, non podo deixar que caian en mans alleas. Debo romper tódolos meus anotamentos da experimentación. Debo ir agora mesmo ó laboratorio e destruir tódolos papeis.

- Pero Aurora...

- Non, Ramón, xa o teño decidido. Creo que o mellor para a Humanidade é que non descubra o meu experimento.

Aurora quixo erguerse da cadeira, pero o seu home impediullo apertándoa garimosamente.

- Polo menos espera a mañá. Se non cho descubriron en cinco meses tampouco cho van descubrir nunha noite.

- Está ben! Oh, meu Deus, tanto labor para nada -lamentouse Aurora.

Ramón nese momento púxolle á súa muller a man sobre o ventre, e sentíu outravolta unha suave patada que semellaba que proviña das profondezas da Terra.

-Para nada non, muller, -sorriu Ramón- que polo menos xa sabemos como se ha chama-lo noso fillo.


- ¡Como! -exclamou Aurora entre aborrecida e resignada.

- ¡Pedro! -contestou Ramón moi alegre-. De petróleo, Pedro. Que mellor nome que ese, para quen se desenrolou na barriga dunha nai que só pensou no petróleo durante tanto tempo.

Ambos sorriron, e se bicaron. As papas millas estaban aínda sen encetar no prato. Aurora e Ramón agarráronse á culler e empezaron a comelas moi lentamente. Estaban frías, moi frías xa; pero esquisitas. A cada cullerada, o leite que cubría a tona do prato escoaba coma un pequeno regueiro e inudaba o socavón que a culler tiña feito. E Aurora mirando para o prato fixamente, tan fixamente que a súa ollada era coma un fío de aceiro, dixo:

-Olla, Ramón, parece que está vivo.

FIN



O PARLADOIRO

- *Queremos saudar cos brazos abertos esa iniciativa de tódalas entidades ferroláns que se adican á Solidariedade e ó traballo social, por ese acordo tomado de auna-los seus esforzos baixo unha soa dirección, iso si, respetando a autonomia de cada un, o cal redundará nunha situación moito máis beneficiosa para a nosa sociedade e para o futuro do seu traballo. Que cunda o exemplo para todos e, xa sabedes, para o que queirades, no Ateneo tedes a vosa casa.*

- O Caderno do presente ano vai dirixido a recupera-la memoria dun persoeiro pouco coñecido como foi Alonso López, a pesar dunha rúa de Canido te-lo seu nome. Nesta publicación poderemos saber da vida e milagres deste deputado ferrolán, que participou nas Cortes de Cádiz, a través da recuperación dos seus discursos, recollidos nas Actas. Esta recopilación e analise das actas está a realizala a profesora da Universidade, do noso Campus, Rosa de Cal, a quen temos que agradecerlle o seu encomiable esforzo que veredes publicado e contamos poder ofrecervos no próximo mes de decembro.

- *Neste trimestre, logo das experiencias de retransmisión en directo dunha tertulia sobre o Castelo de San Felipe e os actos de conmemoración da Batalla de Brión, iniciamos un Convenio de colaboración con Ferrol Visión Canal 29, por medio do cal darán cobertura ós actos programados polo Ateneo Ferrolán e comezamos un Ciclo de Tertulias televisadas que terán lugar no noso salón de actos.*

- As Tertulias dos mércores, basicamente, serán dun marcado carácter social e para comezar faremolo o día 20 de outubro co tema do Goberno Municipal. Invitaremos a participar na mesma ós responsables deste novo goberno municipal e ós portavoces da oposición nunha tentativa de achega-los debates sobre Ferrol e a súa problemática ó público en xeral.

- *A partir deste mes a mañá dos sábados que viñamos adicando ós nenos sufrirá un cambio sustancial tentando enche-las actividades dirixidas ós mesmos dun contido lúdico e formativo. Para isto, os priemiros seis sábados serán para realizar un obradoiro de Teatro no cal os máis pequenos poderán inicia-los seus xogos coas artes de Talia. Nos seis sábados seguintes, ata as vacacións de Nadal, poderedes participar nun obradoiro de Animación á Lectura.*


- O Cine Infantil pasará ás mañás dos domingos, ás 12 horas, para que os pais poidan aproveita-la visita cos nenos e poder conntempla-las exposicións que terán un horario de 12 a 2 da tarde.

- *Na HEMEROTECA seguimos completa-los diarios El Correo Gallego, El País, La Voz de Galicia e Diario de Ferrol que veu a substitui-lo Ideal Gallego, mercando o xornal diario e adquirindoo para o arquivo, ben en microfichas ou CD Rom.*


- Nesa liña estamos a realizar xestións con El Correo Gallego para a adquisición total do periódico, desde o inicio da súa publicación, en Ferrol, aló polo ano 1878. Esto é un reto e unha materia pendiente do Ateneo Ferrolán, posto que este periódico ata o seu traslado a Santiago no ano 1938, editábase na nosa cidade polo cal foi unha testemuña importante da historia e o acontecer de Ferrol, razón máis que suficiente para que teña un espacio reservado especial nas nosas estanterías.

- *Un dos obxectivos no que temos posta unha grande ilusión é o compromiso adquirido co Clube de Montaña e máis a Sociedade Galega de Historia Natural para ofrecer ó Concello de Ferrol, en breves datas, e de cara ó ano 2.000, a celebración conxunta dunha serie de actividades lúdicas e ecolóxicas para conmemora-lo Día Mundial de Medio Ambiente.*

- O próximo venres 22 de outubro ofrecemos a estrea da curtametraxe "Aínda máis difícil", dirixida por Angel de la Cruz e producida pola Escola de Imaxe e Son (E.I.S.). No acto estarán presentes o director e mais Pepe Barba, director da Escola. Para a gravación desta cinta realizárase o "casting" no Ateneo e a gravación en diversos puntos de Ferrol cunha grande participación de ferroláns que actuaron como figurantes.



- *O ciclo de Xoves Teatrais deste ano voltará, coma viña sendo tradición, á Antiga Capela do Centro Cultural Municipal "Torrente Ballester", sendo patrocinado polo Concello de Ferrol e mailo IGAEM, e coordenado polo Ateneo Ferrolán, tendo como grupo invitado de fóra de Galicia a ARMAR TEATRO, de Toledo, que poñerá en escea as obras de Valle Inclán "Ligazón" e "La rosa de papel".*



O PARNASO

Hoxe, no espacio reservado á voz dos poetas e dos que aman a Liberdade, queremos ofrecer unha pequena escolma de versos de Uxío Novoneyra, tirados do seu libro "OS EIDOS. Libro do Courel", como unha pequena contribución a esa homenaxe que terá lugar o próximo sábado 30 de outubro, en Santiago de Compostela, organizada pola Asociación Cultural O GALO, a ASPG, a Asociación de Escritores e o Concello de Santiago, quen poñerá a unha rúa da cidade o nome do esgrevio poeta do Courel.

__TRANSFORMACIÓN__

Jamais je n'ai été comme je t'aime.
Nunca fui como te amo

Do libro: "Tempo de elexia

Do libro: OS EIDOS (Ed. 1987)

GALICIA digo eu / ún di GALICIA
GALICIA decimos todos GALICIA
Hastra os que calan dín GALICIA

e saben	*sabemos*	
GALICIA da door	*chora*	*á forza*
GALICIA da tristura	*triste*	*á forza*
GALICIA do silencio	*calada*	*á forza*
GALICIA da fame	*emigrante*	*á forza*
GALICIA vendada	*cega*	*á forza*
GALICIA tapeada	*xorda*	*á forza*
GALICIA atrelada	*queda*	*á forza*

libre pra servir	*libre pra servir*
libre pra non ser,	*libre pra non ser*
libre para morre	*libre para morrer*
libre para fuxir	*libre para fuxir*

GALICIA labrega	*GALICIA*	*nosa*
GALICIA mariñeira	*GALICIA*	*nosa*
GALICIA obreira	*GALICIA*	*nosa*
GALICIA irmandiña		
GALICIA viva ainda		

recóllote da TERRA	*estás mui fonda*
recóllote do PUEBLO	*estás n'il toda*
recóllote da HISTORIA	*estás borrosa*

recóllote i érgote no verbo enteiro
no verbo verdadeiro que fala o pueblo
recóllote pros novos que vein con forza
pros que inda non marcou a malla d'argola
pros que saben que ti podes ser outra cousa
pros que saben que o home pode ser outra cousa

sabemos que ti podes ser outra cousa
sabemos que o home pode ser outra cousa

1968


Seguímos, no PARNASO, coa compaña de poetas amigos do Ateneo, ofrecéndovos no resto do espacio ás voces de Ana Romaní e Olga Novo e por último de Lino Braxe lembrando os bos momentos que pasamos con todos eles moi recentemente.

En novembro tamén a saiba dilata
Eguas que atravesan o ventre frio
do seu labio, en Novembro aman,
incendian os castelos,
arden.
Os cristais ténues do seu nome
salpican de lúas os bordes,
chagan.
En Novembro o saibo
baña os corredores, as cebras
estalan en pétalas, lamben
a liña azul dos prados.
Aman na intensidade zurda
da auga. En Novembro
son gatas. Son felinas que asaltan
a pracidez dos tellados, sacan
as uñas pintadas, pintan
de bocas as marxes dos libros
son pel tensada
que rebenta en linguas de pan,
e esvaran, esvaran descalzas
polo gume dos nomes.
Son outras
e son soas
son súas queiman a Casa
atravesan o ventre frio
do labio. En Novembro
aman

Por Ana Romaní

Para min, que debuxo palmeiras de papel nos ombros,
os dátiles de cobre, os amorodos de estio, as rarezas.
Para min, que me adentro pola selva sen sandalias,
as horas longas da impaciencia, o sucre da incerteza,
para min os ruidos das esponxas, a nena perdida
no medio da arboreda. Para min eses abismos, as illas, o ventre
sen limite da luz, a insubmisión da gamela,
para min as amoras a ser doce naufraxio nesta boca
e agosto a soñas libres as alamedas.

Por Ana Romaní



ANTES A VIDA

...mo se as pupilas derretidas con areas de sal e de lixivia

...amence e che din este sol recortado dos teatros de ópera
...titiriteiros, vendedores de trapos exhaustos, de restos de
...omida, quincalla dos últimos suburbios, alcohol que disemina
...rañas pola gorxa, iluminados nos bancos dos parques,
...ntelixencia entregada ós tiros e á carcoma.. Velai
Pero con isto se soldaban os ósos ós vinte anos.
No templo comérciase co teu amor.

-Cámbioche un poema por un cromo de xogador de fútbol.
Un poema con rima por unhas gafas de sol.
Un poema de alexandrinos por ese colar de mentira
No Templo comérciase co teu amor.
Pero antes a vida.

Antes a vida a folga do meu nome a manifestación en alto do primeiro momento dos amantes.
Antes éla ca estraña distancia interposta
entre tódalas mentiras e o meu clitoris.

Antes a vida

E mesmo cando semella que, antes a vida antes o destrozo
da muller que frega os pratos no centro do teu corazón.

Antes antes o teu violin que descende ó pracer dos teus beizos un día.
a extremidade dos concertos sobre o frio de Laponia.
Antes a vida.

Ainda sabendo que trocarian os versos por unha bolsa con trece moedas.
Que con cada unha delas fabricarian mitos para salvar a patria.

Antes a vida Para contemplar contigo esta última noite Antes para que o meu pai escoite oventre dos seus animais respirándolle dentro, a aldea minicula que se me cae a cachos por dentro dos abrazos
Antes a vida.

Que está o meu avó queimando igrexas no centro do meu útero. Por iso antes, levaremos a cabo a experiencia do amor nas cunetas, antes ela o estremecemento de terras nas orxias, tan só inundar a praza púbrica co seme que deixas neste verso.

Ou tan só pechar os ollos sobre a tormenta adorable que ten por nome a túa man.

Antes el cos seus fusis de fame no terceiro mundo do seu cancro de ovarios, antes ela. Choverá sobre nós sobre os cabalos da miña memoria sobre as tellas da nosa historia sen casa, sobre avulva da muller que violaron cando poñia flores na tumba do meu libro de versos.

Antes a vida como a miña mai derramando mapoulas en xaneiro ou simplemente coma min dentro dela desgarrándolle placentas en xaneiro

E como todo foi dito xa

Antes a vida

Por Olga Novo

O DESFILADEIRO DAS BESTAS

Para Fátima e Lala

A vitoria alimenta o ódio,
Pois os vencidos non son felices.
BUDA

Era crente e coñecia todos os preceptos
da súa relixión. Interpretaba, ao igual
que a súa familia, as palabras do
profeta con esperanza e intelixencia.

Era muller e foi cando cativa á
escola coránica. Logo estudou
para mestra, e desde a súa
aula ensinaba a nenos e nenas
o entendimento, a concordia
e o felicisimo sabor da paz.

Era afgana e membro dunha tribu
das montañas próximas a Kabul.
Amaba os animais e a natureza.
Conservaba a caricia do cabalo
e a semente dos prados no seu corazón.

Era crente, muller e afgana.
Era o gozo da vida.
Despois viñeron os talibáns.

Por Lino Braxe

SOMALIA

Hai uns dias boteime á rúa.
Un adolescente xogaba cun colar.
Levaba os intestino ao pescozo

Por Lino Braxe

<u>CRÓNICA DUNHA CONFERENCIA</u> (Ateneo - 24/09/99)


SENTIMENTO DE INDIFERENCIA

(A Luis Cardoso - Timor Leste)

A Ollada interior
busca a unión dos sentimentos,
mais ó mirar cara fóra :
¿Qué ve? ¡Indiferencia!
Magoado sintome
ó enfrontarme a ti,
pois és oscura, non
deixas ve-lo meu sentir.
Fasme sentir illado,
cando eu quero participar
na unión da esperanza.
Quero percorre-lo camiño
cun Povo en libertade,
quero camiñar man con man
cos meus irmáns de Povo.
É isto o que me motiva,
seguir percorrendo o camiño,
indo dun lugar a outro
para racha-la oscuridade
que quere cubrirme,
que quere que eu non fale.
Sintome doido, ferido,
alá no profundo do corazón,
mais ti, ¡insultante indiferencia!
non conquerirás que eu cale.
Falarei, proclamareille ó mundo :
"que o meu Povo, ten necesidade
da vosa solidaridade".





Por Antón Iglesias
(Ateneo Ferrolán, 24/09/99)



MATA - RATOS

Por Sabela Arias






Busca-Busca. Pepiña a vacaloura vai na procura da súa irmá que é igual que ela. ¿Sabes cal é ?.



COL, o caracol caeu nun pozo de 10 metros de fondo. Se sube polo día 3 metros, pero ó durmirse esvara 2 metros. ¿Cantos días tardará en sair ?.



Segue os puntos por orde para forma-lo debuxo.



Atopa o camiño para que Lambón o elefante volte a selva

solucións:
2ª 8
1ª C



EU PENSO QUE


(Sección Aberta)

Iniciamos hoxe con este número unha sección aberta dirixida á participación dos socios na cal recolleremos todo tipo de opinións, críticas suxerencias ou comentarios que nos fagades chegar ata as nosas mans. Todas elas poderedes facelas de forma anónima ou ben indicando os vosos datos. Respectaremos o voso desexo.

Nós, a Xunta Directiva, para comezar esta nova xeira queremos aproveita-la oportunidade desta primeira ocasión e atrevernos a dicir o que nós pensamos e o que nós desexamos. Disimulade.

Ningún socio deberá pasar un mes (cando menos) sen dar unha volta polo Ateneo para:

- Ler a prensa
- Tomar un café ou unha cervexa... facer tertulia
- Asistir a unha conferencia
- Visitar unha exposición
- Consultar un libro na biblioteca
- Facer socio un amigo
- Recolle-lo Caderno dedicado a Quintanilla Martínez



- No Ateneo, do mesmo xeito que traballades por difundi-lo teatro a toda a sociedade, deberades de facelo propio noutras áreas. Penso que vos axudaría achegaros máis ós mozos.

- Aínda que ultimamente tedes bastante presencia no aspecto da solidariedade, eu penso que a presencia do Ateneo Ferrolán nos actos solidarios debera de ser un punto básico e permanente nas súas actividades.

- Eu penso que estades olvidando os temas de interese social, un pobo SEMPRE ten problemas importantes de carácter social que deberán de ser abordados desde unha "plataforma" como o Ateneo Ferrolán para difundir e denuncia-la súa existencia.

- Aínda que son socio do Ateneo desde hai moitos anos e aplaudo o voso esforzo de información das actividades, nunca conseguín le-la programación coa anticipación necesaria para poder participar nas moitas actividades que facedes.

- Son un usuario da Biblioteca e quero facervos chegar dúas críticas: a primeira é a falta de informatización, algo básico hoxe nunha biblioteca e a segunda é, que a pesar de contar cun local moi fermoso ten demasiadas escaleiras para unha persoa da miña idade.

- Son un socio mozo e penso que o Ateneo debera de achegarse maís ó noso Campus Universitario.

- Coñezo ben as instalacións do Ateneo e me parecen interesantes as vosas actividades culturais, sen embargo penso que deberiades busca-las subvencións necesarias para mellora-los accesos da xente con problemas de minusvalía.

- Sigo as publicacións dos vosos Cadernos dedicados a temas ou personaxes de Ferrol, pero algúns socios se queixan de que a distribución dos mesmos non lles chega.

- Debedes de facer máis actividades para nenos porque eles están un pouco distantes do Ateneo, e é neles onde está o noso futuro cultural e social.

ATENEO FERROLAN

SOCIO N.º .... D.N.I. ....

1º APELIDO ....

2º APELIDO ....

NOME .... CUOTA ....

FOTO — ENDEREZO ....

POBOACION .... CP ....

PROVINCIA .... TELEFONO ....

DATA DE NACEMENTO ....

PROFESION ....

ALTA o día ....

BAIXA o día ....

MOTIVO DA BAIXA ....

RECIBOS PENDENTES ....

OBSERVACIÓNS ....

....

ALTA - ASDO. BAIXA - ASDO.

ROGAMOS CUMPRIMENTEN OS SEUS DATOS, PARA A REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DA NOSA BASE.

Dez, mulleres, Dez - Cristina **OVIDIO**

